

friol

A localidade acollerá do 20 ao 22 de xuño as II Olimpíadas Rurais de Galicia. **Páx. 11**

castro de rei

O Concello rehabilita os cruceiros de Casas Novas e Quintela. **Páx. 12**

a pastoriza

Preparada a XVIII edición do Festival da Chaira, que será o día 21. **Páx. 14**

cospeito

O BNG volve pedir á Xunta que actúe na Torre de Caldaloba. **Páx. 16**

muras

Un exemplar de 'Alba de Gloria' de Castelao viaxa ata a Unesco. **Páx. 22**

Terra Chá de cine

O director de cine Andrés Goteira vén de rematar a gravación de 'Monstro', a súa nova película, que se rodou por toda a comarca



Marta Rouco fai balance destes dous anos

Afirma que un de cada tres euros do orzamento foi para gasto social e benestar. **Páx. 2**

As Pontes, líder en nova vivenda protexida

Foi o primeiro concello galego en firmar un convenio coa Xunta con este propósito. **Páx. 8**

Bamboleo



A nova formación musical creada en Rábade con integrantes da comarca. **Páx. 21**

José Tomé Roca



Entrevista ao presidente da Deputación e secretario xeral do PSOE. **Páx. 26-27**

Futbol gaélico



Alexandre Sanmartín é o coordinador das Gaélico Escolas PuntoGal. **Páx.31**

Premio para a Deputación de Lugo

Recibiu o Lois Peña Novo 2025 polo uso continuado e rigoroso da lingua galega. **Páx. 24**



O MÁIS INCOMODO DOS AUDÍFONOS É NON LEVALOS CANDO OS NECESITAS.

Ven a probalos sen compromiso

NOVALUX
óptica & centro auditivo

☎ 982 510 100
☎ 981 451 504

Plácido Peña, 9. Vilalba.
Avda. de Galicia, 91. As Pontes.
Nº R.S. 2-27-000031 / E-27-000031 - Nº R.S. 2-75-000024 / E-75-000024



Acondicionan unha parcela no polígono industrial de Sete Pontes

O Concello de Vilalba vén de acometer o acondicionamento dunha das parcelas municipais situadas na Rúa da Cerdeira, no polígono industrial de Sete Pontes. Nos últimos días procedeuse á limpeza e desbroce da zona, eliminando a vexetación e pragas que a convertían nun foco de insalubridade. A alcaldesa Marta Rouco subliñou a importancia desta intervención,

xa que se trataba dunha área que supoñía un risco pola proliferación de pragas e o seu estado de abandono. Unha vez finalizados os traballos de limpeza, o Concello estuda agora a posibilidade de transformar a parcela nunha zona verde, mediante a plantación de herba e árbores, co obxectivo de mellorar o entorno urbano e dar un novo uso a este espazo municipal.

Rouco reivindica a aposta polo social no ecuador do seu mandato

A alcaldesa, Marta Rouco, reivindica “con cifras e feitos a xestión realizada polo goberno local nos dous primeiros anos de mandato municipal”. “Aínda queda moito traballo por diante, pero os investimentos e os proxectos xa materializados están aí, son unha realidade”, sostén. “O noso obxectivo é mellorar os servizos que o concello presta aos veciños, dando resposta ás necesidades da xente cunha xestión eficiente dos recursos”, explica Rouco, que considera “fundamental para cumprilo contar cun orzamento en prazo cada ano”. O goberno local fará balance do ecuador de mandato coa campaña Transformando Vilalba. “Tratamos de gobernar escoitando, con proximidade e traballo”, asegura a alcaldesa, que afirma que “todos os proxectos e iniciativas que teñen un gasto municipal, unha partida orzamentaria, dan resposta a unha planificación previa”. Renováronse os dous grandes contratos municipais: 3,4 millóns de euros ao ano para o Servizo de Axuda no Fogar, que atende a máis de 300 veciños e veciñas, cun gasto medio que triplica o das grandes cidades galegas. O de recollida de residuos e limpeza viaria supón un investimento anual de máis 1,5 millóns de euros e en materia de conciliación, outra prioridade para o goberno local, Vilalba contará nos próximos meses cun novo Punto de Atención á Infancia (PAI) con 20 prazas. “Outro investimento fundamental foron os 1,8 millóns de euros nas obras de mellora da depuradora e do saneamento de Vilalba para limitar as verteduras ao río Madalena, coa ampliación do pretratamento da depuradora e a construción dun tanque de tormentas”. “Tamén está en marcha a rehabilitación da Casa do Concello por un importe de 1,1 millón de euros, e máis de 10.000 persoas disfrutaron o pa-



sado verán das novas piscinas municipais exteriores”, apunta Rouco. Vilalba incorporouse o pasado mes de febreiro como entidade membro ao Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular e desde o verán de 2023 realizáronse reformas en numerosas infraestruturas urbanas, instalacións deportivas e parques infantís. “Quero que os veciños e veciñas per-

ciban que hai unha alcaldesa que recibe a todo o mundo e reúne con todas as asociacións que o piden, e creo ademais importante que a xente vexa que nos implicamos nas actividades do tecido asociativo, deportivo e cultural”, remata Rouco, que seguirá traballando na segunda parte do mandato “para defender os intereses de Vilalba”.

CERTAME LITERARIO



Nun emotivo acto, tivo lugar a presentación da obra gañadora da 50ª Edición do Certame Literario de Vilalba, *Meridiano Orixe*. A obra, publicada pola editorial Alvarellos, foi seleccionada como a mellor proposta poética nesta 50 edición do certame, organizado pola Concellaría de Cultura de Vilalba, co obxectivo de fomentar a creación literaria en lingua galega.

Un de cada tres euros do orzamento a benestar

O Concello de Vilalba destina a gasto social un de cada tres euros do seu orzamento municipal, que este ano é de 13,4 millóns de euros. “A principal partida é para o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), ao que o concello destina este ano 3,4 millóns de euros. Conta neste momento con 140 traballadores e atende a máis de 310 veciños e veciñas de Vilalba (14.700 horas mensuais)”, lembra a alcaldesa, Marta Rouco. Dentro das políticas sociais, a inserción dos colectivos en situación de vulnerabilidade e a atención a posibles trastornos do desenvolvemento dos nenos e nenas de 0 a 6 anos son tamén dúas prioridades. A Unidade de Atención Temperá,

compartida cos concellos de Guitiriz e Xermade, conta cun equipo interdisciplinar formado por profesionais en logopedia, terapia ocupacional e fisioterapia. Atende a 30 nenos e nenas de 0 a 6 anos. “O Centro Ocupacional de Vilalba realiza un gran traballo inclusivo e pola igualdade coas diferentes iniciativas formativas de carpintería, serigrafía ou xardinería, coas que realizan encargos de institucións e entidades de todo tipo”, explica a alcaldesa. Este centro, ao que o concello aporta 75.000 euros anuais, combina estas accións con outras actividades físicas e lúdicas. Por outra parte, o Centro de Atención á Muller (CIM) atende máis de 1.000 consultas ao ano.

POR CADA 10€ DE COMPRA TE DESCONTAMOS 1€ EN TU SIGUIENTE COMPRA

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus

Complétase a rexeneración de dúas vías en Goiriz e Corvelle

O Concello de Vilalba vén de completar a rexeneración íntegra da capa de rodaxe dunha vía de 1.700 metros de lonxitude no barrio de Lamaceu, na parroquia de Goiriz.

O equipo móbil de asfaltado da Deputación de Lugo traballou na renovación íntegra da capa de rodaxe da pista do barrio de Lamaceu na parroquia de Goiriz, que foi completamente rexenerada mediante o recheo con diferentes tipos de pedra e a aplicación de catro capas de rego asfáltico.

Rouco agradeceu “o férreo compromiso da Deputación de Lugo co noso concello, que este ano volve contar con dous equipos móbiles para rexenerar a capa de rodaxe e limpar as cunetas nas pistas do noso rural”.

Nesa liña, o equipo de apertura e limpeza de cunetas atópase traballando na parroquia de San Lorenzo de Árbol, mentres que o equipo de asfaltado continúa os seus labores na parroquia de Goiriz, onde logo de completar a actuación no barrio de Lamaceu, xa deron comezo os tra-



ballos de rexeneración da pista do barrio de Cendán.

A Deputación de Lugo continúa tamén coa execución das obras de mellora na estrada provincial LU-P-0106 ao seu paso pola parroquia de Corvelle. Trátase dunha actuación que ten como obxectivo a rexeneración do firme nun tramo que conecta a vía autonómica LU-113 (Rozas-Abadín) coa estrada nacional N-634.

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, destacou a importancia desta intervención ao lembrar “o evidente deterioro que presentaba esta estrada,

algo que os veciños e veciñas nos fixeron saber reiteradamente, polo que insistimos en que se acometera esta actuación canto antes”.

Estes traballos enmárcanse dentro do plan de mellora da rede viaria provincial, impulsado pola Deputación de Lugo, e están orientados a garantir a seguridade e a comodidade da circulación nos núcleos rurais. Ademais da intervención na LU-P-0106, tamén se está a realizar a rexeneración do firme na LU-P-6513, dende o seu inicio ata a rotonda de acceso á autovía A-8.

Arranca unha campaña de denuncia do estado do centro de saúde

Vilalba Aberta volve tomar a iniciativa fronte aos recortes de servizos no centro de saúde. A formación, que na pasada lexislatura logrou mobilizar a máis dun centenar de veciños para reclamar “un servizo de pediatría digno”, iniciou unha nova campaña de denuncia.

Dende VA, porán de novo o foco da súa crítica no desmantelamento deste servizo, pois tal e como explicou a concelleira da formación M^a Xosé Fernández “os 2 cupos de pediatría seguen sen repoñerse diante das baixas, derivándose a urxencias aos nenos/as e véndose as familias obrigadas a acudir a un especialista privado co custo que iso representa”.

O tempo de espera para conseguir cita co médico/a de cabeceira será outra das liñas da campaña, pois tal e como denunciou a concelleira Mónica González, “chega a superar o mes nalgúns casos”. Neste sentido, explican que de cara ao verán, a xubilación de dous profesionais, que se suma a outra nos primeiros meses do ano, suporá que “máis da metade dos 11 cupos actuais quedarán sen profesional e que as listas de agarda se multipliquen”. Por último Vilalba Aberta quere facer pedagogía diante dos veciños/as das consecuencias do “desmantelamento dunha atención especializada como a do servizo de reumatoloxía e o de xinecoloxía”.

O Iescha presenta a nova imaxe do 25 aniversario

O Instituto de Estudos Chairegos (Iescha) celebrou recentemente a presentación oficial do logotipo conmemorativo do seu 25º aniversario, unha peza gráfica que sintetiza o espírito e a traxectoria da entidade ao longo deste cuarto de século. A autoría do deseño correu a cargo do deseñador vilalbés Xurxo Insua, quen soubo plasmar coa súa linguaxe visual a esencia dunha institución que leva 25 anos traballando pola defensa da cultura, da lingua e do patrimonio galego.

Fundado hai un cuarto de século cun soño común —preservar, promover e celebrar a riqueza cultural galega—, o Iescha mantén hoxe a



mesma paixón e compromiso que motivaron a súa creación. Para conmemorar esta efeméride, encargouse un novo logotipo que, en palabras do propio Insua, “ten como referente a linguaxe tipográfica do logo orixinal do Iescha”.

CENTENARIAS



O Concello de Vilalba conmemorou os 101 anos de Julia Otero, veciña da parroquia de San Juan de Alba. A alcaldesa, Marta Rouco, acompañada dos concelleiros Luis Fernández e Paula Vigo, desprazouse ata o domicilio de Julia para felicitala persoalmente. Durante a visita, fixéronlle entrega dun ramo de flores como agasallo e compartiron con ela e coa súa familia unha entrañable conversa chea de lembranzas e afecto. Fixeron o mesmo con Celia López, natural de Goiriz e exemplo de vitalidade e memoria viva da historia local, que fixo 101 anos”.



MAQUINARIA

**INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA**



CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³



ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240



CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO



¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!



NOVEDAD



RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

www.corbarsil.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com



O PP acusa ao goberno de converter a Pravia “na rúa dos remendos”

O Partido Popular de Vilalba lamenta os prexuízos que causan aos vilalbeses as novas obras na rúa da Pravia que a converten na “rúa dos remendos que hipoteca Vilalba”. Os concelleiros cren que se trata “das obras de nunca acabar” despois de gastar 1 millón de euros de fondos públicos nun proxecto que se presentaba como un gran bulevar con acabados que fan mellorar as beirarrúas; pero “a realidade dista moito do prometido”. De feito, aseguran que “segue a ser un pozo sen fondo no que non paran de arranxar deficiencias mediante parches para saír do paso; despois de terse modificado en varias ocasións: para a instalación de badéns redutores da velocidade, un cambio de sentido na circulación que custou cerca de 11.000 euros para xustificar a promesa electoral de Vilalba Aberta mediante un estudo que contradecía o estudo presentado anteriormente polo PSOE”, obras nas beirarrúas para corrixir desniveis que producían caídas aos viandantes, etc. Para os populares esta situación “non marca un bo futuro para esta rúa”. E engaden que “se dende a

súa inauguración hai que intervir a miúdo nunha obra recente de máis de 1 millón de euros de presuposto, non queremos imaxinar como será a súa situación co paso dos anos e a medida que se vaia facendo uso dela”. Os populares lembran que “mentres que o goberno bipartito asegura que estas obras non van supoñer ningún custe engadido, xa gastaron en torno a 1 millón de fondos públicos e, ademais, todas as decisións, cambios de sentido e obras constantes teñen provocado prexuízos nos establecementos comerciais desta rúa”.

AUDITORIO. Instan ao goberno municipal bipartito a dar a máxima urxencia ao arranxo e conservación do auditorio e conservatorio municipal. Os populares inciden na necesidade de acometer as obras necesarias e poñer en marcha plans de mantemento que “eviten o progresivo deterioro das infraestruturas municipais e, polo tanto, o malgasto de cantidades máis grandes de fondos públicos, que son imprescindibles para acometer outro tipo de obras tan necesarias para os veciños e veciñas”.

O Concello superará o millón de euros en investimentos no rural

O tenente de alcalde de Vilalba, Modesto Renda, anunciou un Plan de Obras nas parroquias por valor de 278.343 euros para o que resta de anualidade 2025. Trátase dun novo investimento co que o Concello superará en só dous anos de mandato, o millón de euros de inversión neta no rural. Tal e como avanzou Renda, rexeneraranse por completo ata 20 camiños de titularidade municipal nas parroquias de Santaballa, Tardade, Codesido, Sancovade, Oleiros, Román, Belesar, Rioaveso, A Torre, San Simón, Distriz, Martiñán, Ladra, Corvelle Carballido, Insua, Lanzós, Gondáisque, Boizán e Goiriz. Dende o inicio da lexislatura executáronse no rural 787.000 euros en múltiples obras, fundamentalmente, na renovación e mellora da rede viaria municipal. Coas vindeiras, o Goberno de Vilalba acadará o 1.063.343 euros coincidindo co ecuador do mandato.

Nesta liña anunciou varias actuacións, una delas é a renovación da vía que une os barrios da Carboeira e Fontemarán, na parroquia de Román. Trátase dun novo proxecto de mellora na rede viaria do rural, co que o Concello de Vilalba “dará cumprida resposta ás demandas da veciñanza e explotacións gandeiras”, dixo Renda. Así, actuarase sobre toda vía co recargo e nivelación das capas base e á súa pavimentación mediante dobre rega asfáltica. Ademais, o proxecto aprobado inclúe a limpeza de cunetas co fin de aumentar a vida útil da estrada. Esta obra financiarase con cargo ao Plan Único correspondente á presente anualidade 2025. Tamén se renovará a vía que une os barrios da Chá e Pasarelle, situados na parroquia de San Simón. Segundo informou Renda, a actuación contempla a renovación completa do firme mediante o recargo e nivelación das capas base da vía, así como a súa

posterior pavimentación cun sistema de dobre rega asfáltica e limpeza de cunetas. A obra será financiada con cargo ao Plan Único da Deputación de Lugo correspondente á anualidade 2025. Anunciou Renda tamén en Codesido que o Concello rexenerará ao completo a vía que une a igrexa da parroquia con Tardade. A través dunha moi concorrida reunión, Renda explicoulle aos veciños que esta nova obra terá un custe de 31.101,84 euros. Un importante investimento, que deixará totalmente renovados os preto de 2 quilómetros do tramo que comprende dende a estrada provincial LU-P-6513 e que dá acceso aos barrios do Cordal, Corredoira, Cartín, Trascastra e A Retorta, ata rematar na vía municipal 065_039. Tamén acordou cos veciños a rexeneración completa do acceso á Charca do Alligal como a seguinte obra na parroquia.

Escolares piden unha pista multiocio

O Concello de Vilalba celebrou unha nova convocatoria do Consello da Infancia e da Xuventude, un espazo no que están representados os centros educativos do municipio e que permite aos máis novos trasladar as súas inquedanzas e propostas directamente ao goberno local. Este órgano participativo constitúe unha ferramenta clave para escoitar a voz da infancia e da mocidade vilalbesa, promovendo a súa implicación na vida municipal e fomentando valores de cidadanía activa. Durante a sesión celebrada nesta xornada, os representantes escola-



res expuxeron diversas peticións, entre as cales destacou a solicitude de instalación dunha rede na pista multiocio do campo da feira. O Concello

confirmou que esta mellora será executada nos vindeiros días, dando resposta así ás demandas formuladas polos máis pequenos.



Avenida de Outeiro de Rei, 57 - Castro Ribeiras de Lea
Teléfono: 982 330 465



RESTAURANTE PARRILLADA

O'Adro

COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...

Ven a probar os nosos cocidos

O Adro, Lanzós 27816
VILALBA - LUGO
982 52 58 65 - 626 23 71 56

Isabel Rodríguez destaca na vila as axudas de Transición Xusta

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, destacou esta mañá en Vilalba o apoio do Goberno ao tecido empresarial a través dunha nova convocatoria de axudas do Instituto de Transición Xusta. A Casa da Cultura da capital chaira acolheu unha xornada informativa dirixida a empresarias e empresarios da comarca co fin de coñecer estas axudas para o fomento de proxectos que xeren e manteñan emprego nas zonas afectadas polo peche de instalacións intensivas en carbono.

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, e a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, foron as encargadas de inaugurar o acto, que contou co relatorio técnico de Nuria Álvarez, axente do territorio para as zonas de transición xusta en Galicia, e de Rosa María Vázquez, consultora da empresa Técnica de Envases Pesqueros Tep, S.A., que compartiu a experiencia dun proxecto apoiado na anterior convocatoria.

Na súa intervención, Isabel Rodríguez destacou que “hoxe falamos de oportunidades reais e transformadoras para a nosa provincia” e subliñou que o Goberno está a poñer en marcha instrumentos que permiten



avanzar cara a unha economía máis sostible “sen deixar a ninguén atrás”. Recordou que, desde 2019, invéstíronse máis de 120 millóns de euros nas zonas de transición xusta de Galicia, con preto de 400 empregos estimados.

Durante a xornada explicáronse dúas liñas de axuda para este 2025: por unha banda, as axudas PPEE para proxectos empresariais xeradores de emprego; e por outra, a liña MINIMIS, centrada en pequenos proxectos de investimento. Ambas están reguladas polas ordes TED/1240/2022 e TED/1239/2022, respectivamente. A subdelegada puxo en valor outros

exemplos de axudas que repercutiron positivamente no concello, como o da empresa vilalbesa Estudios Rafer, adxudicataria dunha ampla parte da formación promovida polo Instituto para a Transición Xusta, ou o impacto do programa cultural Dinamiz-ARTj, que “tamén contribúe a crear emprego e cohesión social”.

Finalmente, Rodríguez animou ás persoas empresarias e emprendedoras a participar nestas convocatorias e a aproveitar esta oportunidade de “diversificar o tecido produtivo e garantir que os nosos concellos teñan futuro”.

Rouco reclama a Rueda que anuncie 100 millóns pero “ignore a Vilalba”

Marta Rouco considera “unha broma de mal gusto e unha falta de respecto aos nosos veciños e veciñas” que o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, vaia a Lugo “a anunciar 100 millóns de euros de investimentos na provincia e ignore por completo á capital da Terra Chá”.

“Os orzamentos da Xunta recollen cero euros de investimentos reais en Vilalba desde o ano 2019”, lamenta a alcaldesa, “e Alfonso Rueda só se lembra dos nosos veciños nas eleccións para pedirilles o voto”. “A Xunta de Galicia ten completamente abandonada a estación de autobuses de Vilalba, por falar do tema pendente máis chamativo”, asevera Rouco, “e todos os días recibimos queixas dos veciños polas carencias do centro de saúde”.

“Non hai investimentos nas infraestruturas de Vilalba de titularidade autonómica, nin partidas ás que temos dereito polo canon da auga incluído no recibo, nin novidades sobre o cumprimento do convenio asinado hai xa 20 anos para que a Xunta cedera ao concello tres tra-

vesías urbanas... nada”, engade.

Por outra parte, o concello recuperou recentemente nos xulgados os 162.000 euros, máis 20.000 de intereses, que a Xunta de Galicia tería que ter aboado fai case catro anos polo Fondo de Compensación Ambiental, correspondentes ás obras de renovación da rede municipal de abastecemento de auga nas rúas Calvario e Os Pepes.

“Non é xusto escoitar ao presidente da Xunta falar de compromiso coa provincia de Lugo, é unha forma de entender a política completamente partidista, pero xa dixen noutras ocasións que desta forma non castigan a un goberno local progresista, castigan aos veciños e as veciñas de Vilalba”, sostén Rouco.

“E mentres, no concello temos cada vez máis competencias impropias, asumindo gastos que lle corresponden á Xunta no Servizo de Axuda no Fogar, en conserxería e limpeza dos centros educativos, ou na xestión do comedor da escola infantil municipal, por exemplo”, remata a alcaldesa.

FORMACIÓN DE FUTURO

Combinación da formación do alumnado no centro educativo coa súa formación e a súa actividade profesionalizadora na empresa

FP DUAL INTENSIVA

- Retribuída economicamente
- Máis do 35% de formación na empresa
- 100% inserción laboral
- Empresas colaboradoras na contorna local

EDUCACIÓN DE ADULTOS

- Galego e Castelán para Inmigrantes
- CUALE Inglés
- Educación Secundaria Adultos
- Bacharelato Sempresencial

CICLOS FORMATIVOS

Grao Básico

- Informática de Oficina
- Mantemento de Vehículos

Grao Medio

- Electromecánica Vehículos Automóbiles
- Atención a Persoas en Situación de Dependencia
- Instalacións Eléctricas e Automáticas
- Sistemas Microinformáticos e Redes

Grao Superior

- Administración Sistemas Informáticos e Redes
- Administración e Finanzas
- Mecatrónica Industrial
- Asistencia á Dirección

ies.lois.pena.novo@edu.xunta.gal

982 87 08 60

Cuart de Poblet 5/N 27800 Vilalba

www.iespenanovo.com

XUNTA DE GALICIA

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
El FSE invierte en tu futuro

a oposición fala

Vilalba

O PP foi o partido máis votado pero os outros tres uníronse aínda que o BNG non entrou no goberno



PP: “É duro compaxinalo coa profesión e restas moito tempo á familia e ao lecer”

DATOS

HABITANTES: 13.787.
PARROQUIAS: 30.
EXTENSIÓN: 379 km cadrados.
PARTIDO XUDICIAL: Vilalba.
CORPORACIÓN: 8 concelleiros do PP, 5 do PSOE, 3 Vilalba Aberta e 1 do BNG.
ALCALDESA: Marta Rouco Seoane, do PSOE.
VOCEIRA Partido Popular: Sandra López Rodríguez.
VOCEIRO VILALBA ABERTA: Modesto Renda Santiso.
VOCEIRO BNG: Constantino Alvite Muínelo.

PP

O Partido Popular foi a forza máis votada no 2023 pero non logrou a maioría absoluta que necesitaba, polo que a unión do resto de forzas deixounos na oposición. Á fronte do mesmo está Sandra López, que substituíu á cabeza de lista, Sandra Vázquez, cando esta marchou para a Xunta.
“Formo parte da política local dende maio de 2023. Nunca antes participara, pero aceptei ir na candidatura do Partido Popular porque confío plenamente en Sandra Vázquez: é unha persoa seria e traballadora, e ademais temos unha boa relación persoal”, explica.
A súa entrada en política responde a unha vontade clara de mellorar o concello desde a oposición: “Tratamos de ser útiles facendo unha oposición responsable, tanto nas críticas como nas propostas”. Lembra que o seu grupo representa “a 3.810 persoas, o 45,84% dos votos, sendo a forza máis votada en Vilalba”, polo que defenden que “esa parte da po-boación merece ser escoitada”.



Sobre o papel da oposición, teno claro: “Controlar a acción de goberno e transmitir as necesidades da veciñanza”. Un labor que, admite, esixe sacrificios persoais: “É duro compaxinalo coa profesión e restas moito tempo á familia e ao lecer”. Con todo, asegura que “o máis gratificante é conseguir melloras reais para as persoas”.
A nivel económico, explica que “na política non hai horarios” e que “as retribucións fixas dependen do que se aproba no primeiro pleno, pero



non compensan o tempo adicado”. Sobre a traxectoria do seu partido, reivindica: “O PP gobernou ata 2019 e deixamos unha importante pegada: o polígono industrial, a área recreativa da Magdalena, o auditorio, o conservatorio, as gardarías, a estrutura de servizos sociais, o centro ocupacional, a rede viaria no rural ou o FIV, entre outras moitas cousas”. Os seus obxectivos actuais están orientados a “cumprir o mandato dos votantes e traballar para que o Partido Popular recupere a alcaldía”. Respecto aos pactos de goberno, considera que “son lexítimos, pero outra cousa é que dean estabilidade”. Apunta directamente ao goberno actual de Vilalba: “PSOE e Vilalba Aberta están a protagonizar liortas internas que os veciños xa perciben. Como din os nosos maiores, ‘á casa de moitos donos nunca lle faltan go-teiras’”.
Entre as prioridades do seu programa sinala “o impulso do polígono industrial e do comercio, a atención ao rural e a prestación de servizos públicos de calidade”. Tamén alerta de múltiples necesidades: “É urxente mellorar a mobilidade, crear aparcamentos, revisar o PXOM paralizado, mellorar o servizo de axuda no fogar e manter as infraestruturas”. Finalmente, define as relacións co goberno como “complexas”. Acusa ao executivo local de bloquear a súa

acción política: “A alcaldesa convirte as nosas mocións en rogos para impedir que prosperen. É curioso que Vilalba Aberta, que antes criticaba estas prácticas, agora as aceite en silencio”.

BNG

Desde maio de 2023, o BNG volveu contar cun representante no Concello de Vilalba, neste caso é Constantino Alvite, Tino, que, aínda que novo no cargo, leva anos vencellado á política local. “Como concelleiro estou dende maio do ano 2023, pero nas listas do BNG xa fun en anteriores convocatorias”, explica. O seu compromiso baséase na defensa da causa pública e na transparencia: “O noso labor na oposición consiste en controlar a actividade do equipo de goberno e tentar que as nosas propostas sexan atendidas, sempre en beneficio da comunidade”.
A acción do BNG abrangue todo o concello. “Levamos aos plenos iniciativas baseadas no noso programa e nas necesidades que nos traslada a veciñanza”, afirma, subliñando a independencia do partido. “Con un só concelleiro temos presentado máis mocións, rogos e preguntas ca outros grupos con oito representantes”, destaca.
A nivel persoal, recoñece os sacrificios: “Implica renunciar a tempo coa familia, ocio e descanso”, mais valora os logros, como “resolver problemas dun colectivo ou mellorar servizos públicos”, citando o caso dun escolar abandonado pola Xunta.
Nunca formaron parte do goberno municipal, e matiza que a súa traxectoria foi sempre “honrada e desinteresada”. Os obxectivos políticos están claros: “traballo serio e comprometido que redunde en beneficio das persoas”. Sobre pactos, o BNG aposta por “proxectos de futuro que revertan no beneficio da veciñanza” e manter “a máxima transparencia posíbel”. O seu programa céntrase en áreas clave como servizos públicos, medio ambiente, igualdade, cultura ou mocidade.
Entre as principais necesidades do concello sinala a peonalización da Praza da Igrexa, a rehabilitación do casco histórico, a situación do PAC ou a exclusión de Vilalba do fondo de transición xusta. As relacións co goberno son “cordiais, mais reclamando proxectos que respondan aos intereses comúns da cidadanía”, cun obxectivo claro: “un goberno progresista de esquerdas”.

BNG: “Os obxectivos políticos son traballo serio e comprometido que redunde en beneficio das persoas”





4 MÉR
 19.00H
CINE ALOVI
 TP
 C. M. DE ACORDEÓN DE AS PONTES. 5^º CONCERTO DE ACORDEONS

8 DOM
 11.00H
CASA DOPESO
 TP
 CASA DO MEL. XORNADA ABELLEIRA

14 SÁB
 10.30-12H 10-12H
POLIDEPORTIVO MUNICIPAL
 TP
 A XANELA 1^ª XUNTANZA DE PALILLOS

5 XOV
 20.00H
CASA DOPESO
 CINEFÓRUM +7
 "CÓMO HACERSE MILLONARIO ANTES DE QUE MUERA LA ABUELA" 126 MIN.

11 MÉR
 19.00H
CASA DOPESO
 TP
 GONZALO FERNÁNDEZ. CONCERTO FIN DE GRADO CLARINETE

19 XOV
 19.00H
CINE ALOVI
 TP
 PERCUSIÓN DO CONSERVATORIO DAS PONTES "PERCUSIÓN"

6 VEN
 17.00H
CONSERVATORIO DE MÚSICA
 TP
 CONCERTO DE FIN DE CURSO PEQUECONSER

13 VEN
 18.00H
CASA DOPESO
 TP
 CONSERVATORIO DE AS PONTES. CONCERTO GRADUACIÓN GRADOS ELEMENTAL E PROFESIONAL DO CONSERVATORIO

23 LUNS
 a partir das 19.00H
CANLE IV
 TP
 LUCAS FREIRE, LUCAS FRA, PABLO PÉREZ. NOITE MEIGA

7 SÁB
 11-14H 10-12H
HEXÁGONO DA FRAGA
 TP
 ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA MADEIRA. OBRADOIROS ABERTOS E EXPO

13 VEN
 19.00H
CINE ALOVI
 TP
 FIN DE CURSO DAS ESCOLAS MUNICIPAIS DE BAILE E MÚSICA TRADICIONAL

27 VEN 28 SÁB
 2 PASES POR DÍA
CINE ALOVI
 TP
 L. DE DE WALK WISDOM E DANES CLÁSICO "JOTAN, A CIDADE DO JOKER"

7 SÁB
 17.00H
CINE ALOVI
 TP
 ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA MÚSICA DAS PONTES. CONCERTO DE FIN DE CURSO ESCOLA DE MÚSICA

14 SÁB
 a partir das 11.00H
A FRAGA
 TP
 CONCERTO. FOLCLORE. DANZAS... ROMARÍA DAS MERENDAS

Do 26 de MAIO ao 16 de XUÑO
CASA DOPESO
 TP
 LUCAS FREIRE / ACTUADELAS "NOSTROS DE CINE"

Do 24 de XUÑO ao 24 de XULLO
CASA DOPESO
 TP
 LUCAS FREIRE / DANZAS E ACTUADELAS "AS PONTES ELÉCTRICAS"

O lago acollerá unha nova edición de As Pontes Ecuestre

A III edición de As Pontes Ecuestre estará na localidade o sábado 7 de xuño. O certame, que volverá celebrarse na contorna do Lago, incluírá o Concurso de Saltos Territorial, de carácter autonómico, e unha das probas do Campionato Galego de Andadura. A organización puxo nesta edición o foco sobre estas dúas competicións, que se irán alternando na pista central para darlles todo o protagonismo. No caso do concurso de saltos, haberá catro probas sobre alturas de 0,30, 0,50, 0,80 e 1,00 m.

A estas sumarase a proba de andadura, cunha gran tradición na zona. Ao respecto, Noa García avanzaba un bo ritmo nas inscricións que invitan ao optimismo, igualando e

mesmo superando os rexistros do pasado ano, cando tomaron concurso preto de 200 xinetes e amazonas. As Pontes Ecuestre súmase ademais a Ferrol e Ortigueira como sede da I Liga Ferrol-Eume-Ortega, competición entre clubs e gran novidade da presente edición. Unha liga que nace con vocación de expandirse a toda a provincia, ampliando emprazamentos e co respaldo da Deputación. As Pontes Ecuestre volverá apostar polos bautismos hípicas. Unha maneira de achegar este deporte aos máis pequenos e pequenas da casa para o que se habilitará un percorrido onde poderán montar coa axuda do equipo de Prado Ventura. A participación será de balde, con inscricións na mesma xornada do evento.

A Xanela organiza un Encontro de Bolillos na localidade en xuño

A asociación A Xanela organiza o seu I Encontro de Bolillos, unha xornada que busca recuperar e poñer en valor esta arte tradicional ao tempo que promove a inclusión e a diversidade. O evento celebrarase o venres 14 de xuño no Pavillón Deportivo Municipal das Pontes, e reunirá a persoas de diferentes idades e capacidades arredor dun obxectivo común: compartir, aprender e visibilizar que todas as persoas poden facer encaixe de bolillos.

Este encontro nace co espírito de manter viva unha tradición cultural ao tempo que se derruban estereotipos sobre quen pode ou non participar deste tipo de actividades manuais. “Dende A Xanela

apostamos por un espazo no que a diversidade funcional, a interxeneracionalidade e a igualdade se entrelacen, literalmente, fío a fío”, di a organización.

Durante a xornada haberá exhibicións, obradoiros participativos e espazos de encontro entre persoas bolilleiras da contorna e participantes dos programas da asociación. O obxectivo é visibilizar as capacidades de todas as persoas, fomentar a creatividade e construír comunidade a través da arte do encaixe.

O evento está aberto ao público e está especialmente recomendado para persoas interesadas no artesanato, na inclusión social e na transmisión interxeracional da cultura.

As Pontes estrea os convenios coa Xunta para facer vivenda protexida

As Pontes, é o primeiro concello galego en asinar un convenio de colaboración coa Consellería de Vivenda, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo para a implantación do programa de oferta de solo de titularidade municipal co obxectivo de axilizar e promover a construción de vivenda protexida nas Pontes.

Este convenio foi asinado polo alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, e a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, e facilitará que administración local poida ofrecer, mediante concurso público, parcelas da súa titularidade para a construción de vivendas protexidas, tanto en réxime de alugueiro como de venda, para contribuír a facer fronte á situación actual de escaseza de vivenda accesible.

Tras a sinatura desde convenio, o alcalde das Pontes, Valentín González Formoso amosábase moi satisfeito xa que “temos que aproveitar calquera oportunidade que teñamos de poñer no mercado os terreos que poidan facilitar o acceso á vivenda á veciñanza das Pontes, tanto en réxime de compra como de alugueiro”. Debullaba máis polo miúdo González Formoso o primeiro borrador de cesión de terreos, que recolle dúas parcelas; a primeira delas, na Canle IV e outra preto da piscina municipal,



pal, “pero estamos estudando agora mesmo a posibilidade de facer máis cesións unha vez se revisen no inventario municipal todas aquelas parcelas que poidan estar dispoñibles para sumar a esta iniciativa”.

Pola súa banda, a conselleira de Vivenda, María Martínez Allegue apuntaba que este novo convenio, co nome de “Programa de solos” vai posibilitar que “aqueles terreos de titularidade municipal que xa estean urbanizados teñan uso, e polo tanto se concursen a través deste convenio de colaboración, no que dende a Consellería de Vivenda faremos todos os trámites administrativos, técnicos, económicos e xurídicos para concursar esas parcelas, para que

promotores públicos ou privados, e tamén por suposto cooperativistas, poidan construír vivenda protexida”. Así, a adxudicación das parcelas que se incorporen ao programa realizárase mediante un concurso público en réxime de libre concorrência, que será tramitado polo IGVS en colaboración co Concello das Pontes.

O IGVS tamén se encargará da publicación do chan dispoñible, a redacción dos pregos de bases, os anuncios de licitación, a mesa de contratación e a valoración técnica das ofertas, de maneira que o Concello só terá que remitir ao IGVS a información sobre as parcelas para adxudicar, ditar a resolución e participar na mesa de contratación.

O Concello aproba a licitación da obra da avenida de Galicia

A xunta de goberno local do Concello das Pontes aprobou a licitación da cuarta fase das obras de mellora de pavimentos e servizos da Avenida de Galicia.

Esta actuación, cun orzamento de 277.173 euros e financiada integralmente pola Deputación de A Coruña a través do POS (Plan de Obras e Servizos), permitirá darlle continuidade ao proxecto de rehabilitación, humanización e mellora da accesibilidade levado a cabo polo goberno local na principal vía de comunicación do municipio, a través da renovación da Praza do Hospital e as obras das tres fases anteriores executadas na Avenida de Galicia.

Os traballos incluídos neste proxecto permitirán a eliminación de desnivel entre a estrada e as beirarrúas peonís, a mellora da iluminación e a separación da rede de drenaxe da rede de saneamento.

Así, procederase ao retranqueo dos



farois existentes e das sinais de tráfico, substituírse as varandas existentes por unha varanda de aceiro inoxidable. Será necesario fresar e demoler o firme existente para poder estender o novo pavimento que, no caso da zona de rodaxe e aparcamentos realizárase mediante formigón bituminoso cun acabado impreso con debuxo de lastro e protexido cunha capa de resinas.

A beirarrúa peonil realizarase con baldosa prefabricada, seguindo a liña estrutural e estética da zona. Entre a baldosa e o aglomerado disporase unha fila de lastro de cor negra, prefabricado de formigón. Nos accesos aos pasos peonís e no acceso á rampla executarase pavimentos con baldosa de botóns para diferenciar o pavimento e alertar ás persoas con discapacidade visual.

R.S. C-27-001184

Carballo & Otero
CLINICA DEL PIE

DRA. YESICA OTERO ESTALOTE
DR. JUAN L. CARBALLO DÍAZ

- **PODOLOGÍA**
DEPORTIVA - INFANTIL
CIRURXÍA - DIABÉTICA
GERIÁTRICA - PLANTILLAS
- **TRATAMIENTOS CON LASER**
• **ESTUDIO INFORMATIZADO DE LA MARCHA**
• **ÚLCERAS**
ARTERIALES - VENOSAS
- **ECOGRAFÍA**

ATENCIÓN A DOMICILIO

Campo de Puente, 20 Bj.
Vilalba - Lugo
Telf: 982 88 75 65
Urgencias: 609 72 97 12

O lago pontés logra por quinto ano consecutivo a Bandeira Azul

A praia do lago das Pontes logra, por quinto ano consecutivo a Bandeira Azul, un distintivo que concede cada ano a Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor (ADEAC) e que recoñece, novamente, a calidade ambiental do areal pontés. Para revalidar a bandeira azul o Concello das Pontes tivo que enviar no mes de novembro unha memoria das actividades levas a cabo durante o ano, tanto no ámbito ambiental como no educativo, no da accesibilidade e no da seguridade así como unha proposta de candidatura para o ano 2025, no que se incluían accións de mellora nas infraestruturas e nos servizos.

Este ano, Galicia terá un total de 108 praias en 35 municipios con este distintivo. Deste xeito, a comunidade



concentra case unha de cada seis bandeiras concedidas en España (642) e consolida a súa posición entre as tres comunidades que reciben un maior número de distintivos para as súas praias, xunto con Valencia

(que suma 143) e Andalucía (138). En total e sumando praias, portos, centros de visitantes e sendeiros distinguidos por Adeac, Galicia atesoura 191 galardóns, balance que a sitúa como a terceira comunidade.

Rematan as obras de mellora nos camiños de Terbá e Tras o Río

Concluíron as obras de mellora dos camiños rurais en Terbá e Tras o Río, un proxecto cun orzamento de 43.982,29 euros con cargo aos Fondos Agader.

Ambas as actuacións tiveron como obxectivo mellorar a seguridade viaria e evitar que se siga producindo a degradación destes camiños a través da rehabilitación dos mesmos para dotalos dunha óptima calidade, tanto superficial como estrutural para aumentar a comodidade e seguridade que esixe este tipo de viarios.

Entre os traballos realizados incluíuse o varrido de superficie e limpeza de marxes así como a limpeza das cunetas e á eliminación de vexetación que invadía os viarios. Repa-



ráronse as fochancas e zonas afundidas existentes mediante a achega de pedra e unha rega asfáltico, saturado e compactado.

Así mesmo, as zonas lixeiramente de-

formadas regularizáronse mediante formigón bituminoso e procedeuse ao fresado do firme existente para realizar correctamente o entroncamento coas estradas existentes.

O Concello reparte as axudas ás asociacións e á escolarización infantil

O Concello destinará 180.000 euros ás achegas destinadas ás entidades sociais no ano 2025.

Estas subvencións están dirixidas ás entidades sociais, sen ánimo de lucro, inscritas no rexistro de asociacións de Galicia, no rexistro de Asociacións do Concello das Pontes e que desenvolvan as súas actividades no ámbito territorial do concello ou sobre temas de interese para o municipio das Pontes.

A través destas achegas as entidades solicitantes poderán cubrir os gastos derivados das actividades que leven a cabo durante o ano 2025. Así, serán subvencionables os gastos derivados da organización e realización das actividades; o material fungible non inventariable relacionado directamente con ditas actividades, seguros de responsabilidade civil e accidentes, retribucións a persoal técnico e de monitores/as, os gastos correspondentes a voluntarios/as ou monitores/as que colaboren coa entidade ou asociación impartindo algunha actividade, curso, etc, de forma esporádica, dereitos de arbitraje, conferenciantes, entre outros.

Para acceder a estas achegas é necesario presentar a solicitude a través da sede electrónica do Concello, cumprimentada polo representante da entidade cultural, mediante certificado electrónico, xunto coa documentación esixida na convocatoria.

Ademais, repartirá 220.000 euros en subvencións entre as entidades culturais durante nesta anualidade. A través destas achegas as entidades solicitantes poderán cubrir os gastos derivados das actividades

que leven a cabo así como os gastos en infraestruturas e equipamentos executados ou adquiridos durante o ano 2025.

Así, serán subvencionables os gastos de persoal, seguros de responsabilidade civil, transporte, publicidade ou loxística. Tamén inclúe os gastos xerados para o desenvolvemento de actuacións.

ESCOLARIZACIÓN. Tamén destina 35.000 euros ao programa municipal de axudas para a escolarización, dirixidas a atender os gastos orixinalos polo inicio do curso escolar 2025-2026.

Estas achegas están destinadas a atender os gastos de adquisición de libros, material escolar, material informático e material para o conservatorio do alumnado de Educación Infantil (1º e 2º ciclo), Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), bacharelato, ciclos formativos (FP) e estudos no Conservatorio de Música.

No caso do alumnado de Educación Infantil, de 0 a 3 anos, a axuda poderá alcanzar os 30 euros. Para Educación Infantil, de 3 a 6 anos, a contía elévase a 100 euros, ao igual que para Educación Primaria e Secundaria. Os ciclos Formativos e o Bacharelato subvencionaríanse con ata 140 euros e o alumnado matriculado en FP básica recibirá axudas de 80 euros mentres que o alumnado de grao elemental do Conservatorio recibirá unha achega de 40 euros e a axuda para o alumnado de grao superior ascenderá a 60 euros.

As solicitudes, así como a documentación esixida, poderán presentarse ata o 25 de xuño.

SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA NEUMÁTICA HIDRÁULICA TRANSMISIÓN HERRAMIENTAS ACEITES 	TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO CUCHILLAS MUELLES CORREAS RODAMIENTOS 	TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS JOHN DEERE eni CEPSA BCS PETRONAS TIMKEN BZ bezares S.A.	TODAS LAS HERRAMIENTAS QUE NECESITAS  Milwaukee Nothing but HEAVY DUTY.	RVS SESACAR RECAMBIOS Y SUMINISTROS Rúa do Freixo, P-53 Pol. Ind. Sete Pontes 27800 Vilalba - Lugo Tel.: 982 831 105 / 609 392 656 recambios@sesacar.com
---	--	---	---	--

EN BREVE



ADMINISTRACIÓN. O concello dispón dun punto de Actualización de Documentación (PAD), unha iniciativa da Policía Nacional, posta en marcha noutros sete municipios da Coruña, coa que se busca facilitar á cidadanía a renovación dos certificados dixitais do DNI e a modificación das contrasinais. Tamén poden ser utilizadas por persoas con mobilidade reducida.



MAGDALENA. Comezaron as obras dunha pista multideporte no Poboado da Magdalena e a mellora da súa contorna. O proxecto, cun orzamento de 181.427 euros, con cargo á Deputación da Coruña, ten como obxectivo prioritario mellorar unha das prazas interiores do Poboado mediante a instalación dunha pista multideporte e o acondicionamento da súa contorna.



EMPREGO. Continúan as accións formativas da sexta edición do Programa Integrado de Emprego de Galicia e o Servizo Público de Emprego Estatal, posto en marcha coa colaboración cos concellos da Capela e As Somozas, subvencionado pola Xunta. O programa, cunha duración de 12 meses, está dirixido á mellora da ocupabilidade e á inserción laboral de persoas demandantes de emprego, con maiores dificultades para acceder ao mercado laboral, mediante diferentes accións formativas.

O Concello das Pontes adxudica o contrato do Servizo de Axuda no Fogar

O pleno do Concello das Pontes aprobou, cos votos a favor do Grupo Municipal Socialista e do Partido Popular, e a abstención do Bloque Nacionalista Galego, a adxudicación do contrato do servizo de Axuda no Fogar, por valor de 7,2 millóns de euros. O obxecto deste contrato é atender á veciñanza que precisa de apoio para desenvolver as actividades básicas da vida diaria e, deste xeito, previr situacións de deterioro e exclusión persoal e social. Neste sentido, a responsable da área Tania Pardo, apuntou que “a realidade social da cidadanía e a necesidade de recibir servizos de proximidade fan que o servizo de axuda no fogar se consolide como un recurso fundamental na atención e protección das persoas en situación de dependencia”. A través deste servizo ofrecerase atención a persoas ou unidades de convivencia, no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu domicilio, atendendo a persoas dependentes, con déficit de autonomía así como

a fogares con menores nos que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Os tipos de atención que se prestará serán catro; de carácter persoal para a realización de actividade da vida cotiá, atención das necesidades de carácter doméstico e de vivenda, acompañamento persoal para a realización de trámites administrativos ou médicos e atencións de carácter psicosocial e educativo. Ademais dos servizos propios de atención contémpanse outros complementarios tales como fisioterapia, podoloxía, salón de peiteado e limpeza extraordinarias. Por outra banda, tamén están adscritos ao servizo equipamento como grúas de mobilización persoal, camas articuladas, colchóns antiescaras ou cadeiras de rodas, todo isto complementábase cunha bolsa de servizos de transporte extraordinario para as persoas usuarias que o precisen. A adxudicataria do servizo foi a empresa pontesa Servizos Sociais Virxe do Carme, SL, terá unha duración de dous anos, prorrogables dous máis,

ata un máximo de catro anos. O contrato contempla un total de 78.000 anuais, a un prezo de 23,18 euros (IVE incluído) polo que o Concello das Pontes abonará á empresa adxudicataria 1,8 millóns de euros cada anualidade. Tania Pardo subliñaba que esta cifra supón incremento de aproximadamente 500.000 euros con respecto ao contrato anterior, aumentando en seis euros o prezo da hora. “Se botamos a vista atrás o contrato que tiña adxudicado o concello no ano 2019 era por 12 euros hora. En apenas 6 anos o custe do servizo duplácase para poder ofrecer e garantir a continuidade do servizo nas mesmas condicións e ofrecer un conxunto de atencións ás persoas no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu entorno habitual.” A concelleira tamén lembra que o Concello das Pontes achega, dos 1,8 millóns de euros, 600.000 euros do seu orzamento, “a Xunta deberíase facer cargo desta achega, xa que é da súa competencia”.

O proxecto industrial de Ence recibe luz verde ambiental por parte da Xunta

O Diario Oficial de Galicia publica a declaración de impacto ambiental (DIA) favorable para o proxecto industrial estratéxico de planta de biofibra reciclada branqueada e as súas infraestruturas auxiliares promovida por Ence nas Pontes. Ence levará a cabo un investimento de ata 355 millóns na realización das tres fases que contempla este proxecto que xerará preto de 1.250 postos de traballo. A primeira supoñerá a posta en marcha dunha planta de fibra recuperada na que se inclúe a planta piloto de recuperación de fibras téxtiles; a segunda contempla unha planta de coxeración de 150 MW de potencia térmica e ao redor de 50 MW de potencia eléctrica e a terceira, unha planta de tisú.

Esta declaración de impacto ambiental (DIA) favorable está condicionada ao cumprimento das exixencias recollidas tanto nos distintos informes sectoriais emitidos sobre o seu impacto como na propia DIA co fin de minimizar e compensar os posibles efectos na contorna. A maiores agora estase a traballar na autorización ambiental integrada (AAI) para completar o trámite ambiental. A resolución refírese á iniciativa empresarial para implantar unha fábrica de pasta de papel reciclada, e as súas infraestruturas auxiliares, co fin de producir pasta branqueada a partir de papel e cartón recuperado ou de residuos de papel e cartón. Estará localizada no que era o parque de carbóns da central térmica das Pon-

tes de García Rodríguez e nela realízanse dous procesos -a reciclaxe de papel e cartón e a fabricación da pasta de celulosa- para obter unha produción de arredor de 100.000 toneladas ao ano. A declaración de impacto ambiental do proxecto de Biofibras de Galicia é o resultado de 18 informes sectoriais favorables ou favorables condicionados ao seu desenvolvemento neste concello coruñés. Trátase dunha tramitación exhaustiva, rigurosa e garante da preservación dos distintos elementos que é preciso protexer no que se inclúen pautas ao promotor sobre como se debe desenvolver o proxecto para que sexa ambientalmente autorizable e viable.

Cuando necesitas energía limpia y accesible, él está aquí

Cree en el Sol

En EDP, creemos que elegir la Tierra conlleva mirar al Sol en busca de soluciones energéticas limpias y accesibles. Porque, cuando elegimos el Sol, elegimos lo mejor para todos.

Descubre cómo ahorrar en edpenergia.es

Friol acollerá do 20 ao 22 de xuño as II Olimpíadas Rurais de Galicia

O Concello de Friol acollerá do 20 ao 22 de xuño as II Olimpíadas Rurais de Galicia, que organiza a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia en colaboración coa Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Friol.

O acto de presentación desta segunda edición tivo lugar na Praza Andón Cebreiro de Friol coa participación da conselleira de Medio Rural da Xunta de Galicia, María José Gómez Rodríguez, que destacou esta iniciativa como “un bo exemplo de dinamización social, económica e cultural nas contornas rurais da nosa comunidade”, e salientando que se trata dunha idea importante para preservar as tradicións galegas e xerar actividades atractivas no rural.

O alcalde de Friol, José Ángel Santos, volveu a destacar a Friol como a localización idónea para este evento, xa que, ademais de ser un concello rural, tamén ten un núcleo urbano marcado, coas instalacións perfectas para organizar este tipo de actividades: piscina, pavillón, campo de fútbol ou espazo para acampada. Asegurou que os visitantes seguro gozarán da gastronomía local e dos recursos turísticos, naturais e paisaxísticos de toda a comarca.

Thor López Arias, presidente do colectivo deportivo Hércules, asociación sen ánimo de lucro que fomenta e organiza actividades relacionadas coa práctica deportiva e que se encarga novamente do desenvolvemento do campionato, explicou as novidades desta edición.

As II Olimpíadas comezarán o venres 20 de xuño pola tarde coa gala inaugural, na que todos os 16 equipos participantes, formados por 20 persoas maiores de 16 anos, desfilarán polo pobo ata chegar á praza de An-



dón Cebreiro, onde estará situado o escenario para ir presentando a cada un dos equipos.

Despois da gala inaugural celebraranse as primeiras probas da competición. Sábado e domingo pola mañá, ao toque de diana, celebrase un almorzo conxunto no que os centos de participantes degustarán gratuitamente os mellores produtos da zona: queixo, pan, leite, embutidos, froita etc. Para repoñer forzas a mediodía, o sábado e o domingo celebrase un xantar conxunto con todos os equipos na praza a cargo de Alejandro Méndez, de Arrocería Os Cachivaches de Lugo.

En canto ás probas, mantéñense a maioría dos xogos tradicionais populares das primeiras Olimpíadas, como os zancos, o lanzamento de lastra, a carreira de sacos, o garrote, dacadalo, a cucaña, as cintas, a corda, a carretilla, a cadeira da raiña, a corda ou os cántaros, con algunhas novidades, como a incorporación dos xogos da billarda e da chave.

O 22 de xuño celébrase a xornada final, coa realización das últimas probas pola mañá e a gala final con entrega de premios, sorteos, agradecementos e despedida xa pola tarde.

Durante toda a fin de semana a música volverá xogar tamén un papel moi importante, enchendo a Friol dun ambiente festivo, con xogos, deporte e diferentes concertos, charangas, djs, animación, concursos, sorteos, etc. Na noite do venres 20 a praza Andón Cebreiro acollerá as actuacións de Louband, do grupo “Claxon” e “Dj Cosme”. Mentres que na noite do sábado 21 de xuño actuarán “Estopaos”, a banda tributo catalá por excelencia con versións do grupo Estopa, “Broken Peach” e “Señora Dj”. Para rematar coa programación musical, a sesión vermú do domingo estará amenizada pola “Batucada Cadabatu” e o grupo “Los Alcántara”. E na gala final actuará o grupo “La Indirigible”.

O obxectivo destas II Olimpíadas Rurais de Galicia, ademais de competir na práctica deportiva e dos xogos tradicionais, que volverán poñer a proba a habilidade, forza e destreza dos participantes; será superar o éxito da primeira edición, gozando dunha experiencia distinta e divertida na que se encontrarán xentes de toda España, convertendo a Friol nun auténtico reclamo deportivo e turístico.



O Partido Popular reivindica en Friol que Galicia “é o mellor lugar para formar unha familia”

O Partido Popular de Galicia reivindícase como “o partido das familias” e enxalza á Comunidade como “o mellor lugar para nacer, crecer e formar unha familia” grazas ás medidas de apoio “pioneiras” e “únicas en España” impulsadas por parte do Goberno de Alfonso Rueda.

Coincidindo co Día da Familia, diversos representantes do partido desprazáronse ata Friol para poñer en valor que “Galicia ofrece máis apoio ás familias que calquera outra comunidade autónoma de España”. “A elección de Friol para conmemorar o Día das Familias non foi casual, xa

que, nun momento no que nos preguntamos se é posible vivir no rural e do rural, Friol decidiu dar un paso adiante para darlle a volta aos datos e están conseguindo”, explicou.

A secretaria xeral do PPdG destacou así que en 2024 naceron en Friol 29 novos veciños e veciñas e este ano xa van 11. Do mesmo xeito, o concello leva tres anos seguidos co padrón en aumento e mostra disto é que o actual Punto de Atención á Infancia (PAI) vaise converter nunha escola infantil onde poderán matricularse preto de 57 nenos, grazas a unha achega da Xunta de 190.000 euros.

Abren as piscinas o sábado 14

O sábado día 14 de xuño xa se poderá desfrutar das instalacións fluviais. Despois do éxito que tivo a decisión de ampliar o período de apertura das instalacións fluviais, o Equipo de Goberno decidiu adiantar de novo a apertura e mantelas abertas ata o domingo 14 de setembro.

Os horarios de apertura para acceder á zona de baño será como en anos anteriores. De luns a venres

permanecerá aberta dende as 14:00 ata as 20:00 horas, sendo mais amplo este horario nas fins de semana e nos días festivos, que abren as instalacións ás 12:00 e pechan ás 21:00 horas. Poderanse adquirir entradas diarias de adultos ou menores, e tamén se poderán facer abonos por tempada completa tanto individuais como familiares, na entrada ao recinto, en horario de apertura.

MOBILIARIO PARA O TEU FOGAR
Especialistas en moble modular e agora tamén
DESEÑAMOS A TUA COCIÑA.

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

PLAMOBLE

BOSCH Service
¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

Reparaciones Carlos, s. l.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpenelas@bosch-bcs.com



Abraham Cupeiro, socio de honra da agrupación histórica Vindicta

O Castro de Viladonga, dependente da Xunta, foi escenario do nomeamento de Abraham Cupeiro como socio de honra da agrupación lucense de recreación histórica Vindicta. A iniciativa foi promovida polo propio colectivo.

O director territorial da Consellería

de Cultura, Lingua e Xuventude, Manuel Antonio Fernández, sumouse ao acto, no que lle trasladou o recoñecemento da Xunta ao artista sarriao, multiinstrumentista e luthier que destaca entre as principais figuras do panorama musical galego.

O Concello rehabilita os cruceiros de Casas Novas e Quintela

O Concello de Castro de Rei está a acometer a rehabilitación de dous cruceiros que se atopaban en mal estado, un na parroquia de Santa Locaia e o outro en Orizón.

O primeiro deles é o cruceiro de Casas Novas, unha obra moderna, xa que data de 1913, de grandes dimensións, que foi feito por unha veciña da localidade. Este elemento patrimonial pasou a mans do Concello na década dos 90 e foron os veciños os que solicitaron a súa rehabilitación, xa que nunca se fixo nada sobre el. Os traballos consisten na consolidación e limpeza dos muros, as escaleira e da propia cruz.

Tamén se está a traballar no cruceiro de Quintela, en Santa Comba de Orizón, unha peza datada entre os séculos XVIII e XIX, de pedra, moito máis sinxela que a



anterior pero que é moi antiga. A intervención faise porque o terreo cedeu e quedou inclinada. Para esta actuación destináronse cartos do Plan Único da De-

putación e tamén fondos municipais, que ascenden a un total de 12.000 euros, aos que hai que sumar o custe da redacción dos proxectos.

Defenden a necesidade de facilitar os trámites administrativos

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, sinalou o compromiso do Goberno de España para facilitar os trámites administrativos en todo o territorio e achegar servizos ás mulleres rurais durante unha charla impartida por persoal da Subdelegación a integrantes da asociación Fademur en Castro de Rei.

Isabel Rodríguez participou nesta nova xornada do programa 'A Administración preto de ti' que desenvolve o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática, en colaboración coa FEMP, para dar a coñecer á cidadanía o catálogo de servizos da administración co obxectivo de mellorar a súa utilidade e fortalecer a cohesión social e territorial, loitar contra a fenda



digital e facer efectivo o dereito de acceso a todos os servizos públicos con independencia do lugar de residencia.

A subdelegada aproveitou a char-

la para defender a igualdade de oportunidades e agradecer o labor da asociación Fademur para avanzar no progreso das mulleres que viven e traballan no medio rural.



Francisco Balado reuniuse coa conselleira María José Gómez

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, reuniuse esta mañá co alcalde da localidade lucense de Castro de Rei, Francisco Balado.

Nesta xuntanza estudáronse diferentes vías de colabora-

ción entre ambas entidades, co obxectivo de avanzar na mellora das infraestruturas viarias deste municipio, a mobilidade de terras e a dinamización social das contornas rurais do concello con varios proxectos.



O Rumboia Viva presenta a programación para xuño

A organización do festival cultural Rumboia Viva, que se celebrará na localidade o 28 de xuño e conta co apoio da Xunta de Galicia, xa ten o seu programa. O acto de presentación converteuse nunha conmemoración do Día das Letras Galegas, coa proxección do documental *Lévame a idea*, un recoñecemento ás creadoras e divulgadoras da música de tradición oral galega ás que se dedica este ano a efeméride. Acudiron como invitados alumnos e alumnas do CEIP Aquilino Iglesia Alvariño e usuarios do Centro de Día.

O primeiro artista que se confirmou foi Abril, o dúo formado por Claudia Abril e Marina Carpentre, que levarán a Gontán a tradición renovada e os sons de raíz. O dúo folk galego lanzou a súa nova creación, *Arredor da Mesa*, unha canción que homenaxea a amizade a través de sons que fusionan tradición e modernidade.

No programa tamén estará Aiko El Grupo, coa súa enerxía punk-pop cargada de frescura, rabia e actitude. Sumáronse tamén esta primavera varios nomes máis, como De Ninghures, Rebeliom do Inframundo



ou o grupo local Batifoula. Tamén estará a DJ Rapante para os intermedios e o fin de festa desta edición estará a cargo dunha fusión entre A Mariña e A Terra Chá da man de Somiiux e 2Paz.

Está previsto un obradoiro de baile, a cargo de Hadrián de Ninghures, e unha cata de viños en cunca con comentarios de Antonio Reigosa. Non faltará o mercado de artesanía, que conta xa con 25 postos, así como postos de comida e unha *food truck*. Para os pequenos estará Paporrubio e os seus xogos.



Supervisan as obras da residencia de maiores

A conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, acompañada do alcalde, José María López, visitou as obras da futura residencia de maiores municipal de Abadín, un proxecto ao que a Xunta de Galicia destina 1,2 millóns de euros e que permitirá ofrecer 44 prazas.

As obras céntranse na rehabilitación e ampliación do edificio do antigo do colexio infantil deste concello, actualmente en desuso, para convertelo nun centro residencial que contará con 44 prazas repartidas nunha vintena de habitacións, dúas plantas de uso e unha construción anexa conectada ao inmo-

ble principal. Neste caso, a Xunta financia a máxima contía posible do total que suporán os traballos, que ascende a 2,3 millóns de euros.

Esta actuación desenvólvese no marco do Plan de investimentos co que a Xunta financia unha vintena de proxectos de construción, reforma ou ampliación de residencias, centros de día, vivendas comunitarias e centros sociais municipais.

Este plan, dotado con 18 millóns procedentes de fondos europeos do Mecanismo de Recuperación, Transformación e Resiliencia (MRR), foi acordado coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

A tradicional Ruta Cabalar ao San Antonio de Abadín terá lugar o sábado 14 de xuño

A asociación de Cabaleiros de Labrada de Abadín celebrará o próximo sábado, 14 de xuño, unha nova edición da súa Ruta Cabalar ao San Antonio, en concreto número XII, que terá lugar pola mañá con saída ás 10.00 horas do Campo da festa de San Antonio de Labrada.

Como en edicións anteriores celebrábase un xantar ás 14.30 horas como colofón da ruta, deixando paso pola tarde a unha sesión musical que estará amenizada por un dúo musical.

Tamén haberá sorteos e agasallos para os participantes. O xantar ten un prezo de 27 euros e 13 para os menores de 10 anos. Para apuntarse non é imprescindible ir a cabalo. O último día para anotarse é este mércores 11 e deberá facerse nos teléfonos 650 171 426 e no 699 024 637.

A ruta non terá carácter competitivo e cada participante deberá responsabilizarse do seu cabalo.

Inviste en Friol



CONCELLO DE FRIOL



Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol

Chega a XVIII edición do Festival da Chaira o 21

O vindeiro 21 de xuño, a parroquia de Baltar, no concello da Pastoriza, converterase no epicentro da festa coa celebración da XVIII edición do Festival da Chaira, un evento xa consolidado no calendario cultural da comarca.

O festival promete unha xornada inesquecible chea de música, actividades para todas as idades, merendas populares e moito bo ambiente nun entorno natural único. A cita será na Praia da Ribeira, en pleno corazón de Baltar.

A organización comezou xa a revelar parte do programa polo que xa se sabe que a partir das 13.15 horas abrirase co Grupo de Mús-

ica e Baile Tradicional da Pastoriza, seguido da actuación da Charanga Bicoia, un grupo de rapazas cheas de enerxía e alegría que porán ritmo ao vermú, animando a todo o público a bailar e gozar dende o primeiro momento.

Xa pola tarde, ás 18:00 horas, será a quenda de CÉ Orquestra, un artista versátil que mestura música en directo, humor e interacción co público nun espectáculo pensado para nenos, nenas e tamén para adultos.

A partir das 22.00 horas será a vez da música de festival, no que estarán Ailá, filloas, Filophólicas e Untides.

Reparan a cuberta dos vestiarios do pavillón municipal da Pastoriza

O Concello da Pastoriza vén de anunciar a reparación da cuberta dos vestiarios do pavillón de deportes da Pastoriza, grazas a un convenio de colaboración coa Axencia de Turismo de Galicia. A obra, financiada integramente pola Xunta de Galicia cun investimento de 48.000 euros, permitirá solucionar os graves problemas de filtracións de auga que viña sufrindo a instalación.

Segundo explican desde o propio concello, a actuación foi solicitada tras detectarse ata 19 goteiras nun pavillón que, a priori, xa fora arranzado hai catro anos, cando se cambiaran os lucernarios. Con todo, as deficiencias persistían, xa que as novas estruturas continuaban deixando



pasar a auga. Dende o consistorio pastoricense agradecen á Xunta de Galicia a súa disposición para escoitar esta e outras peticións que lle veñen facendo,

e celebran que esta intervención permita mellorar as condicións das instalacións deportivas municipais, garantindo un uso seguro e adecuado para a veciñanza.

A pastoriza a oposición fala

A pastoriza Constantino Fernández encabeza o PSOE municipal na oposición despois dunha lexislatura no Goberno



Constantino Fernández Leira é actualmente o voceiro do PSOE da Pastoriza, como número dous da lista, despois de Primitivo Iglesias, que foi alcalde durante dúas lexislaturas en coalición co BNG pero que está afastado da primeira liña política. Chegou á Pastoriza fai máis de 16 anos pero non foi ata as eleccións municipais de 2019 cando decidiu dar o paso e formar parte das listas.

Actualmente na oposición, defende con firmeza o papel fundamental deste grupo no funcionamento democrático dun concello. “A nosa labor de oposición, ademais da nosa imprescindible vocación de gobernar, é a de inspeccionar de cerca o goberno municipal, controlar os procesos moitas veces escuros, ser un contrapeso, unha alternativa, unha esperanza de recuperación de dereitos perdidos nestes dous últimos anos e a de denunciar cando sexa necesario”, afirma. Fai fincapé en que non buscan frear nin entorpecer, senón “propoñer alternativas e aportar a crítica construtiva para que o noso concello avance”.

Cóñece ben os dous lados da corpora-



ción municipal, xa que anteriormente formou parte do equipo de goberno. Iso permítelle asumir a súa nova etapa con naturalidade e responsabilidade. “Temos vocación de goberno, pero sobre todo, temos vocación democrática”, explica, sinalando que o cambio de goberno foi unha consecuencia natural do proceso electoral. Lamenta, iso si, que malia existir unha maioría progresista, “o noso compañeiro de viaxe nestes últimos anos non quixo un pacto de goberno”. Aínda así, o grupo socialista mantén “a man tendida e unha capacidade de diálogo constante sen ningún tipo de

veto político ou persoal”. O traballo do grupo socialista baséase, segundo indica, na proximidade coa veciñanza. “Grazas ao contacto directo e constante coa xente levamos ao pleno todas as iniciativas que nos trasladan”, conta. Entre estas, menciona “as melloras no campo de fútbol, o soterramento da liña de media tensión na avenida Constantino Cabaneiro...” así como o apoio a propostas do equipo de goberno que consideran beneficiosas para o conxunto da cidadanía.

En termos persoais, considera que formar parte da corporación municipal é “un privilexio, poder axudar a todas as persoas do que considero o meu concello despois de máis de dous anos aquí”, expresa. Recoñece que o principal sacrificio é o tempo que deixa de pasar coa súa familia, pero subliña que conta co seu apoio: “Afortunadamente eles entenden e apoian a miña labor na política, a

loita diaria porque todas as persoas teñan unha vida mellor”. Sobre os seus obxectivos políticos, declara sentirse “máis que satisfeito podendo representar a todas as veciñas e veciños no concello”. Sente a responsabilidade de estar á altura da confianza dos seus compañeiros e compañeiras da agrupación socialista, aos que define como “persoas moi traballadoras e implicadas”.

En canto ás liñas mestras do seu programa electoral, destaca a súa viabilidade e realismo: “Presentamos un programa político que é un contrato realizable coas veciñas e veciños”. Ese programa estruturase en tres eixos fundamentais: no ámbito social, a construción do tan demandado centro de día e vivendas; no económico, a mellora do polígono industrial para atraer empresas; e no das comunicacións, a mellora das infraestruturas viarias.

As necesidades principais da Pastoriza considera que son dúas: “A captación de empresas para que a nosa xuventude non teña que marchar a vivir e traballar fóra do concello; e rematar o centro de día que o goberno socialista tiña xa na súa última fase”. Respecto á relación co actual equipo de goberno, defende unha postura construtiva. “É de diálogo constante e colaboración nas iniciativas que consideramos que melloran a vida das veciñas e veciños”, afirma. Iso si, critica a campaña de “difamacións, medias verdades e bulos” que asegura que a oposición levou a cabo nos últimos anos nas redes sociais. Na oposición está tamén o BNG, con Elva Carrera, que estivo no Goberno e á que invitamos a participar nesta reportaxe pero preferiu non facelo.

DATOS

HABITANTES: 2.879.

PARROQUIAS: 19.

EXTENSIÓN: 175 km cadrados.

PARTIDO XUDICIAL: Mondoñedo.

CORPORACIÓN: 5 concelleiros do PP, 3 do PSOE e 3 do BNG.

ALCALDE: Darío Cabaneiro Partido Popular.

VOCEIRO PSOE: Constantino Fernández Leira.

VOCEIRA BNG: Elva Carrera.

“O noso traballo é propoñer alternativas e aportar a crítica construtiva para que o Concello avance”

a pastoriza

O Consello da Xunta dá o visto bo á creación dunha oficina rural

A Consellería do Medio Rural creará unha nova oficina rural no concello lucense da Pastoriza, co obxectivo de mellorar a atención e eficacia dos servizos veterinarios oficiais neste territorio, cunha alta actividade agraria e gandeira, reforzando a presenza administrativa no medio rural. Así o recolle un informe do que tomou razón o Consello da Xunta celebrado de forma extraordinaria en Lugo.

A nova oficina estará situada na planta baixa da casa consistorial dese mesmo concello, que xa adoptou o acordo para a súa cesión. Neste sentido, habilitarase un espazo de 53 metros cadrados que contará cunha entrada independente desde a rúa. Esta área contará con dous espazos conectados,



para o persoal técnico dos servizos veterinarios e outro para administración e atención ao público. Así, estará dotada cun posto de veterinario e de persoal administrativo, e permitirá reforzar a atención directa ao sector gandeiro e prestar cobertura tamén a outros concellos da contorna, se for necesario. Estímase que as adaptacións necesarias para acondicionar o local ao seu novo uso ascendan ata os 30.000 euros. Asemade, prevese que a oficina estea en funcionamento antes do comezo do verán.

Axuda de 18.000 euros para a nova residencia e centro de día

A Xunta colaborará no proxecto que ten o concello da Pastoriza de construír unha nova residencia e centro de día. O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, asinou hoxe co alcalde, Darío Cabaneiro, un convenio por importe de 18.000 euros para financiar a redacción do proxecto deste equipamento, que será de titularidade municipal.

Este centro disporá de 56 prazas, 40 de centro de día e 16 residenciais. A colaboración da Administración autonómica responde ao compromiso asumido pola Consellería de Política Social e Igualdade co alcalde, cando



este presentou o proxecto en novembro do ano pasado. Dentro da mellora dos servizos para atención ás persoas maiores, o xerente do Consorcio referiuse ao acordo entre Xunta e Concello para a ampliación do número de usuarios do programa Xantar na Casa, de 6 a 18.

EN BREVE

CENTROS DE INTERPRETACION. Mudaron os horarios nos centros públicos que xestiona o Concello. Así o Centro de Interpretación de Bretoña mantén a atención tres días á semana, os luns, mércores e venres, pero o horario pasa a ser de 11.00 a 13.00 horas. Pola súa banda, o Centro de Interpretación do Alto Miño, situado ante a lagoa de Fonmiñá, estará aberto para visita libre os martes, xoves e sábados, tamén de 11.00 a 13.00 horas. Despois, para calquera información ou reservas nestes dous centros para grupos o teléfono de contacto é o 982 332 197.

AMURUXE. A asociación Amuruxe organiza unha viaxe polo Bierzo o 21 de xuño. A saída está prevista ás 8:30 horas desde a Escola de Saldanxe. O prezo da actividade é de 50 euros para persoas socias, 55 euros para non socias e 30 euros para nenos e nenas. A ruta inclúe viaxe en autobús con parada para tomar café e visita á Bodega Losada, Vinos de Finca en Cacabelos, onde os asistentes poderán desfrutar dunha cata de dous viños acompañada dun picoteo. Posteriormente, visitarase Molinaseca, onde terá lugar o xantar e pola tarde estarán no Castelo de Ponferrada.

CORBELLE. A parroquia de San Martín de Corbelle celebrará as súas festas patronais a fin de semana do 7 e 8 de xuño na honra a San Antón. O día 7 haberá misa solemne ás 13.30 horas con procesión e sesión vermú a cargo da orquestra Trébol. Pola noite a verbena contará tamén con esta orquestra e París de Noia. O domingo 8 continuarán os oficios relixiosos ás 13.30 horas. A orquestra Solymar será a encargada do apartado musical na sesión vermú prolongada que porá fin á festa. A organización colocará unha carpa no campo da festa para posibles inclemencias meteorolóxicas.

JRoca
INMOBILIARIA

ROCA & PRADO
ABOGADOS

Santa Cristina, Cospeito
Finca rústica | 4 Dorm | 2 Baños | 168m² | 50.000€
En la localidad de Santa Cristina, municipio de Cospeito (Lugo), se vende casa de pueblo para restaurar con dos plantas de 84 metros cuadrados cada una. En la planta baja está un hall de entrada, cocina muy amplia, un dormitorio y un cuarto de baño. En la planta alta, hay tres dormitorios con un cuarto de baño y un pequeño hall. En la parte derecha de la casa hay un anexo destinado a cuadras y en la parte izquierda tiene un horno y garaje con tejado nuevo. Frente a la casa hay otra parcela donde está el pozo de agua.

Calle Galicia, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 98m² | 97.000€
En Vilalba (Lugo), se ofrece en venta un piso céntrico, de tres habitaciones y sala, dos baños (uno con bañera y otro con ducha), y cocina equipada. Dispone de calefacción, ascensor y una plaza de garaje.

Calle Galicia, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 89m² | 85.000€
Con una ubicación privilegiada, este inmueble cuenta con 3 dormitorios, sala, 2 baños completos, cocina y calefacción para tu comodidad. Además, podrás disfrutar de todas las ventajas de contar con ascensor y una plaza de garaje incluida en el precio.

Avenida da Terra Cha 80, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 110m² | 80.000€
En Vilalba (Lugo), se vende piso de tres dormitorios y sala, dos baños, cocina amueblada. La vivienda dispone de calefacción de gas ciudad, ascensor, garaje y trastero en el bajo cubierta. Se sitúa en el número 104 de la Avda. Tierra Llana de Vilalba, justo por encima de la calle que lleva al cuartel de la Guardia Civil.

Mondoñedo, Vilalba
Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 140m² | 95.000€
En Vilalba (Lugo), en concreto en la esquina de calle Mondoñedo con calle de la Feria, se vende un piso cuarto muy amplio, de cuatro habitaciones y sala, dos baños y cocina. Dispone de calefacción de gas, una plaza de garaje en el mismo edificio, trastero en el bajo cubierta y ascensor.

Calle Campo de Puente 9, Vilalba
Edificio residencial | 476m² | 200.000€
En Vilalba (Lugo), se vende edificio céntrico, a reformar, de planta baja, sótano, dos pisos y un bajo cubierta. A sus espaldas tiene un terreno de unos 100 metros cuadrados, en el que hay una construcción en mal estado de 34 metros cuadrados. La edificabilidad de la zona es planta baja y cinco pisos más ático.

Travesía Castros, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 1 Baño | 132m² | 70.000€
En Vilalba (Lugo), en calle céntrica, se vende piso segundo, sin ascensor, de tres dormitorios y sala, cocina, un baño y una amplia terraza cubierta. Además del piso, la propiedad también podría vender con el mismo, el bajo del edificio de unos 105 metros cuadrados útiles, si es que al comprador le interesase y se llegase a un acuerdo en el precio.

Calle Lameirón, Vilalba
Terreno / Urbano (solar) | 650m² | 90.000€
Se vende solar edificable con 12,65 metros de fachada. La edificabilidad es bajo más 3 plantas más ático. También es posible rehabilitar las viviendas existentes en el frente del solar y hacer una vivienda unifamiliar con terreno a la espalda.

Penelas, Vilalba
Terreno / Urbano (solar) | 288m² | 50.000€
Se vende solar de 8 metros de frente a la calle Penelas y ocho metros de frente a la Travesía del Chalet de Crespo en la parte trasera. Su edificabilidad es bajo y tres alturas, con un mínimo de bajo y dos alturas.

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco
Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal
Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)
Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)
Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720
www.rocaabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

O BNG volve pedir á Xunta que actúe na Torre de Caldaloba

A deputada autonómica Olalla Rodil lamenta que a Xunta de Galiza xudicialice o procedemento de incorporación ao patrimonio público da Torre de Caldaloba iniciado pola vicepresidencia da Deputación de Lugo, área de Cultura, en 2022 e retrase unha vez máis a protección e valorización desta fortificación.

Diante da demanda xudicial presentada pola Xunta, dende o Grupo parlamentario do BNG levaremos ao Parlamento iniciativas para reclamarlle ao goberno galego, do Partido Popular, que sente a dialogar coa Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

“As actuacións xudiciais iniciadas pola Xunta de Galiza, que se abstivo de dialogar administrativamente, só van dilatar máis as urxentes medidas de consolidación e recuperación da Torre de Caldaloba” expón a deputada nacionalista, que motivaron a compra do ben por parte da Deputación. Sería inadmisíble que o único obxectivo do goberno galego fose non deixar facer a outra administración unicamente por non ser da mesma cor política. Nunha visita realizada á Torre, acompañada pola deputada provincial de Cultura, Iria Castro, e veciñanza de Cospeito, “puidemos comprobar de primeira man a ne-

cesidade urxente de que se tomen medidas para consolidala, rehabilitala e adaptar o espazo para que poida ser visitado” explica Rodil. É sorprendente que ao longo de máis de dous anos desde a adquisición por parte da Deputación dunha parte de Caldaloba o Goberno galego non se reunise co executivo provincial, malia as solicitudes formuladas polas persoas responsables en materia cultural, para abordar nunha reunión conxunta a titularidade da Torre e sobre todo o proxecto de consolidación, restauración e posta en valor deste importante ben patrimonial. Máis ao contrario.

De feito, esgotou a vía administrativa sen exercer os seus dereitos, razón pola que presentou a demanda xudicial reclamando o retracto da propiedade adquirida pola Deputación e co obxectivo de que lle sexa conferida á Xunta.

Desde o G.P. do Bloque Nacionalista Galego “levamos anos reclamándolle á Xunta de Galiza actuacións urxentes para impedir a degradación deste ben, o seu progresivo deterioro e sobre todo a súa posta en valor e divulgación. Nestas demandas sempre nos atopamos co non do Partido Popular”, conclúe Rodil.

Arrancan as obras da estrada que une Feira do Monte con Fontefría

A Deputación de Lugo vén de iniciar as obras de mellora coas que renovará a totalidade da estrada provincial LU-P-1702, a vía que conecta Feira do Monte e Fontefría pola parroquia do Pino, en Cospeito. En concreto, os traballos afectan ao treito que vai do punto quilométrico 1,385 ao 9,214 e contan cun investimento da institución de case 384.000 euros.

As obras, que está a realizar a empresa Cholo SL, consistirán na reapertura de cunetas, na pavimentación con aglomerado en quente e na sinalización horizontal mediante marcas reflexivas brancas. O prazo de execución destes traballos é de tres meses. Con este proxecto a Deputación de Lugo renovará a totalidade desta estrada provincial ao seu paso polos



concellos de Cospeito, Begonte e Vilalba, pois estas actuacións súmanse ás xa acometidas pola institución provincial no treito que vai desde o inicio da vía ao punto quilométrico 1,385. Para esta actuación a Deputación destinou máis de 92.000€ o

que supón un investimento total de case 480.000 euros para o arranxo dunha vía que dá servizo directo a máis dun milleiro de habitantes que residen nas cinco parroquias cospeitesas que atravesa: Sistallo, Vilapene, Seixas, Pino e Rioaveso.



O PSOE denuncia un “estado de abandono” nos patios da Escola Infantil Municipal

O grupo municipal do PSdeG-PSOE denuncia a situación de abandono e deterioro que sofren os patios exteriores da escola infantil, unha contorna fundamental para o benestar e o desenvolvemento da infancia.

Segundo explicou o voceiro socialista, Daniel Irimia, os patios presentan lousas rotas, chan de caucho cuberto de musgo e maleza e xoguete en mal estado. Os valados están rotos ou foron substituídos por simples arames, o que supón un risco evidente para os cativos. “A día de hoxe, os patios atópanse pechados e inhabilitados para o uso, despois de que a Xunta de Galicia notificase oficialmente ao Concello que non reunían as condicións mínimas de seguridade, outorgándolle un prazo de tres meses para acometer as reparacións”, di.

“O goberno local non fixo absolutamente nada. En lugar de acometer as reparacións, ordenaron ao persoal do centro que levasen aos nenos a outros patios, solicitando ás familias autorización para facelo, pero sen informar en ningún momento da verdadeira situación”, afirma Irimia. A agrupación socialista critica tamén a “falta de transparencia” por parte do alcalde, Armando Castosa, e do concelleiro responsable, Iván Méndez. “É unha mostra de despreocupación total. Non só sabían do estado da escola, senón que nin sequera informaron ás familias do que está ocorrendo”, denuncia o voceiro.

Pino celebrará o sábado 21 de xuño o Lume Novo

A Asociación cultural San Martiño de Pino celebrará o sábado 21 de xuño a tradicional festa de Lume Novo na Veiga de Porto.

Esta xornada festiva dará comezo ás 13.30 horas cunha misa campestre seguida da actuación de Verónica Cambón. Xa pola tarde ás 16.30 horas será a actuación do grupo de Pandereteiras de Caldaloba e os xogos tradicionais. Farase o acendido da cacharela antes da cea e porá a nota musical de novo, Verónica Cambón.

Haberá un xantar a cargo do bar Rochela a base de xamón cocido, polbo, churrasco, bebidas, sobremesa, café e licores, así como na hora da cea poderase desfrutar tamén de paella, queixo e café.

Para poder asistir é necesario anotarse previo pago ante calquera membro da directiva antes do 13 de xuño. O prezo para os socios se se asiste ás dúas comidas é de 45 euros e para os que non o sexan 55 e os pequenos de 7 a 11 anos pagarán a metade.

Avánzase na obra da rúa Curros Enríquez

A Xunta colaborará co Concello de Cospeito nas obras de ensanche e mellora da rúa Curros Enríquez, no lugar da Feira do Monte, que suporán un investimento de case 520.000 euros. A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, asinou co alcalde, Armando Castosa, o convenio de colaboración para abordar estes traballos, que se enmarcan no Plan Hurbe.

A intervención obxecto deste convenio consistirá na ampliación da plataforma e o reforzo de firme, así como habilitación de beirarrúas e dotación de nova iluminación, desta rúa da parroquia de San Xoán de Sistallo, localizada na contorna de protección

de Cruceiro e da Ermida do Monte e, que entronca coa estrada autonómica LU-111.

Actuarase no treito entre o centro de día ata a glorieta da citada estrada autonómica. O proxecto ten así como obxectivo a ampliación da plataforma da rúa e o reforzo do firme, incluíndo o soterrado dos servizos aéreos e a inclusión da drenaxe. No proxecto contéplase tamén a substitución dos farois. Trátase dunha contorna onde se sitúan dotacións como o colexio e o citado centro de día, ademais da igrexa de Virxe do Monte, de xeito que a intervención mellorará o acceso da veciñanza a estes equipamentos.

No que se refire ao financiamento, o Goberno galego asumirá o 70% do custe destas intervencións, cun investimento de case 363.000 euros (362.873), e contratará e executará as obras. Pola súa banda, o Concello de Cospeito achegará o 30% restante (155.517€), realizará as xestións pertinentes para posibilitar a súa execución.



Unhas 500 persoas participaron na Festa dos Xubilados de Guitiriz

A Festa dos Xubilados e Xubiladas, organizada polo Concello de Guitiriz, reuniu a 525 persoas no Pavillón Municipal Jonathan Carro Paz na que foi, un ano máis, unha das grandes citas no municipio lucense.

Nesta xornada festiva, na que os e as asistentes gozaron dun rico xantar, estivo presente a alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira; o deputado de Participación Cidadá da Deputación de Lugo, Iván Castro; e membros da corporación local.

O evento estivo protagonizado polo xantar, pero tamén houbo espazo para a música, coa actuación de Nerea Cobas, os bailes e o sorteo de agasallos, algúns cedidos polos comercios locais e outros do propio Concello de Guitiriz.

A alcaldesa, Marisol Morandeira,



quixo subliñar que “a Festa dos Xubilados e Xubiladas é unha cita imperdible para Guitiriz, un día no que todo o mundo goza, non só polo xantar ou pola música, senón polo pracer de xuntarse e de compartir conversacións e bos momentos”.

A rexedora destacou que “este tipo

de encontros reflicten o espírito da veciñanza e a importancia de coidar os lazos que nos unen”, afirmando que “desde o Concello imos seguir apostando por iniciativas como esta, que fomentan a convivencia e recoñecen a importancia das persoas maiores na nosa comunidade.”

A Aula CeMIT fará este verán un campamento dixital

A Aula CeMIT acollerá un campamento dixital para a mocidade durante os meses de verán. A formación é completamente de balde e está destinada á rapazada de entre 9 e 13 anos. As prazas son limitadas e o prazo para inscribirse estará aberto ata o próximo 19 de xuño.

As persoas inscritas poderán elixir realizar este campamento dixital en dous períodos diferentes. O primeiro deles será durante o mes de xullo, entre os días 14 e 24, e o segundo será no mes de agosto, entre os días 4 e 14. Ambas opcións contarán cos mesmos horarios, de 10:30 a 13:30 horas, e coa mesma formación.

REUNIÓN NA XUNTA



A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, mantivo un encontro de traballo coa alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira. Nesta xuntanza, que tivo lugar en San Caetano, a conselleira e a alcaldesa abordaron actuacións no ámbito das infraestruturas e da vivenda, de interese para este municipio lucense. M. Allegue subliñou o compromiso do Goberno galego para colaborar cos concellos e impulsar actuacións que contribúan a mellorar a calidade de vida dos cidadáns.



Afundación e Concello abren na Casa Habanera a mostra ‘Fauna esencial’

Quedou inaugurada na Escola Habanera de Guitiriz a mostra *Fauna esencial*, impulsada por Afundación, que estará aberta ao público ata o venres 20 de xuño.

No acto de apertura participaron a alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira; o coordinador institucional de Abanca en Lugo, Carlos Teijeiro Pita; e a coordinadora institucional de Afundación en Ourense e Lugo, Beatriz Fernández-Anguiano. Ademais, tamén estivo presente o alumnado de sexto de primaria do CEIP Lagostelle.

Marisol Morandeira invitou aos rapaces e rapazas a “desfrutar da exposición” e agradeceu “a Afundación e a Abanca que a trouxesen a Guitiriz, ademais de ao CEIP Lagostelle por prestarse a participar”. A rexedora salientou “a importancia de concienciar á mocidade sobre a preservación do medio no que vivimos”.

Carlos Teijeiro explicou que “para Abanca é moi importante estar presente na vida social e cultural das localidades” e animou a “fixarse nas fotos que forman a exposición pero,

sobre todo, a levar a idea de coidar a fauna e de velar pola sustentabilidade do concello”.

Beatriz Fernández deu unhas “grazas especiais ao Concello, que sempre nos dá facilidades, e ao CEIP Lagostelle por querer sumarse” e tamén indicou que “segundo a nosa corrente de solidariedade na planta baixa colocouse un estante para que, quen o desexe, poida depositar alimentos non perecedeiros que logo o Concello entregará a familias menos desfavorecidas”.

A mostra estará dispoñible para a súa visita ata o 20 de xuño, con entradas completamente gratuítas de luns a xoves de 9:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 18:30 horas e os venres só en horario de mañá.

A exposición está formada por 28 fotografías de gran formato feitas polo naturalista Ezequiel Martínez. Cada imaxe conta cun texto explicativo que recolle datos sobre as diferentes especies, explicando os aspectos máis importantes sobre cada unha delas e creando unha viaxe enriquecedora pola diversidade da nosa fauna.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA

www.ocioengalicia.com

“Gústame o cine imperfecto, con erros pero con vida”

Andrés Goteira, director de cine natural de Meira, que vén de rematar a gravación de ‘Monstro’, o seu terceiro filme, que se desenvolve na Terra Chá

Rematou a rodaxe de *Monstro*; a nova película de Andrés Goteira, un director que xa obtivo numerosos éxitos neste xénero coa súa opera prima *Dhogs*.

Monstro é unha viaxe á fantasía, ao silencio e ao misterio. Un home chega a unha casa illada en plena natureza e decide instalarse nela para escapar da monotonía da cidade. Parece sentirse cómodo na soidade dese estraño fogar ata que descubre que nun misterioso monte próximo á súa casa habita unha antiga criatura.

Nesta longametraxe, Goteira explora a tensión entre o medo e a identidade a través dunha narración muda. A película leva ao espectador a unha viaxe persoal cruzando a intersección do aburrimiento, o illamento e as presións da vida moderna.

No reparto da película inclúense importantes nomes do audiovisual galego, como Antonio Durán Morris e Iván Marcos que coprotagonizan *Monstro*. Os dous son actores galegos cunha ampla traxectoria.

Morris é unha das caras máis coñecidas do audiovisual galego e ten participado en producións nacionais de grande popularidade como *Los Serrano*, *Los Hombres de Paco*, *Hospital Central*, *El Ministerio del Tiempo*, *La Familia Mata* o *Sin Tetas no hay Paraíso* ata chegar á exitosa *Fariña* onde interpretou a Charlín e pola que acadou importantes premios. Iván Marcos participou en series como *Matolobos*, *Fariña*, *45 revoluciones* e *Jaguar*, entre outras, e obtivo un premio Mestre Mateo como mellor actor principal pola súa interpretación en *Dhogs*.

Un 80% de *Monstro* rodouse en plena natureza; en lugares localizados nos concellos de Castro de Rei, A Pontenova, Meira, Becerreá, As Nogais, A Fonsagrada, A Pastoriza, Lugo

e Ferrol. O proceso da produción inspírase na calor das cociñas de leña típicas da Terra Chá, centro da colaboración dun equipo moi unido e cunha parte significativa da película rodada en escenarios naturais próximos á comarca de Meira, lugar de orixe da produtora Gaitafilmes.

Esta nova longametraxe de Andrés Goteira está producida por Gaitafilmes en coprodución con Mordisco Films e Indígena Films. Tanto Gaitafilmes como Mordisco Films son produtoras nadas no rural galego e con estudos de posproducción tamén fora das grandes cidades; Gaitafilmes en Mestre (Ribeira de Piquín) e Mordisco Films en Bóveda. *Monstro* está financiada pola Axencia Galega das Industrias Culturais da Xunta de Galicia (AGADIC) e a ICAA e coa participación de RTVE e CRTVG.

Andrés Goteira (Meira, 1983) é director, montador, guionista e cofundador de Gaitafilmes. É técnico de telecomunicacións e técnico de imaxe e son, ademais de ser mestre de FP e Educación Secundaria. *Monstro* é o seu terceiro traballo como director e chega despois da súa exitosa opera prima *Dhogs* e do documental *Welcome to ma Maison*.

Cóntenos un pouco os plans de traballo para este filme, que teño entendido que ten á Terra Chá como centro de acción?

Sentímonos moi felices de poder rodar esta película preto da casa. Unha parte importante rodámola en Castro R. de Lea, outras partes rodámolas en Meira, A Pontenova, A Pastoriza, A Fonsagrada Becerreá, Ferrol e Lugo. Trataremos de que todo encaixe ben e forme parte dun mesmo mundo imaxinado.

Todas as historias que presentan teñen sempre un trans fondo, que non se esconde tampouco tras o argumento. Que nos trae esta vez?

Estamos buscando unha pequeniña esencia do máis profundo de nós. É delicado chegar a esa sensación, penso que a montaxe da película é onde todo vai coller camiño. É un proxecto moi atmosférico que precisa xogarse na edición, coa suma das sonoridades e as conexións que xorden no último proceso de creación. Oxalá se achegue ao que imaxinei.

Galicia sempre está detrás... ou diante dos seus traballos. Ten a sede aquí e as historias son de aquí. Non supón iso un hándicap á hora de levar adiante os proxectos?

Penso que as historias que contamos son máis universais que locais, gústanos contalas aquí na nosa terra, idealmente na nosa lingua. Detrás das películas hai un traballo de produción que é impagable. Moitas das veces todo ese traballo invisible de lograr financiar un proxecto queda en absolutamente nada. É un traba-

Temos en mente un filme que camiña polo romanticismo cru e que titulamos ‘Señora Azul’

llo, moitas veces non remunerado, que se esfuma porque o proxecto non estaba para estes tempos ou non tiña a forza necesaria. A veces sae medianamente ben, como é no caso de *Monstro*, que foi unha loita moi dura e de varios intentos frustrados. En Gaitafilmes temos proxectos que avanzan paseniñamente e outros que quedarán no caixón escuro para sempre.

Como ve o sector audiovisual galego?

Moi activo e moi diverso, hai moitas



propostas e con producións moi diferentes do que podemos estar orgullosos. Interésome máis polas apostas arriscadas, as que non canalizan cara o que se demanda, saír do rego e deixarse levar polo instinto. Teño a sensación que o audiovisual é un mar tan inmenso que un porcentaxe moi alto queda baixo a auga. Penso que é moi importante que a industria reserve un oco cinematográfico para as creacións de mundos novos, viaxes novas ou experiencias noutras capas da realidade.

Hai xa algunha outra historia na cabeza para poñer en marcha logo de *Monstro*?

Temos en mente un filme que camiña polo romanticismo cru e que titulamos *Señora Azul*. Pero sacar un proxecto é tan complexo que por agora estamos centrados en rematar ben *Monstro* e conseguir que as produtoras implicadas non saian afogadas polos imprevistos. Todo baixo control por agora. Dende a produtora Gaitafilmes, temos outros proxectos en desenvolvemento; ficción e animación.

Como chega un rapaz de Meira ao mundo do cine?

Non o percibo como unha chegada, é un avance que comeza nuns ensaios adolescentes cos amigos de sempre. A loita é non perderse e pelexar por manter aquela inocencia inicial e seguir rodeado dos amigos pero con outras formas máis lóxicas de produción. Sempre sacamos conclusións despois de saír dunha rodaxe. A veces pasamos polos mesmos erros e outras sentimos a mellora, sempre aprendendo cousas novas. O

máis importante para min é ter preto a Laura e a Suso, amigos e produtores do filme, tamén a outras xentes soñadoras que vai aparecendo polo camiño e que son ouro puro.

Cunha ópera prima tan premiada, o listón ponse moi alto para os traballos que veñen a continuación?

O certo é que son un pouco kamikaze, sempre imaxino que será o meu último proxecto, que arrisco moito e que serei expulsado do privilegiado mundo cinematográfico. Así que o de pensar como facer unha peli exitosa non frequenta pola miña cabeza, oxalá así sexa, pero si soubese a fórmula máxica entón estaría facendo outro tipo de película. Gústame o cine imperfecto, con erros pero con vida.

E fácil vivir do cine desde Galicia ou mesmo en xeral, porque é unha profesión complicada?

Non é nada fácil e imaxino que son poucos os que o conseguen. Eu so pretendo facer o cine que me entusiasma e no que teño un alto grado de decisión sobre o resultado. Levar películas a cabo leva 4 ou 5 anos e non é sinxelo vivir desta profesión nos momentos económicos de hoxe. Así que, son profe a maioría do tempo e en paralelo escribo e intento dirixir os proxectos que me tocan a alma.

Cal é a meta laboral e persoal a conseguir?

A laboral; perseguir os oficios creativos e cambiantes. A persoal; respirar tranquilamente, estar preto da xente querida, estar áxil e nutrido, precisar pouco, observar moito, ler moito e ter o tempo ben equilibrado.

ATABERNA

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS
OLVIDATE DE TODO
Y SABOREA

ACIONES

REVUELTOS
FRESQUILLOS
ENSALADAS

ATA

HAMBURGUESAS
FRESQUILLOS
ENSALADAS

PASTAS
CON SALSA RABO DE VIEJO

ALCO
PARA

NUESTRA
CARTA

ALCO
PICAR

SABOREAR
TORTILLAS

RAXO
PATATAS

COMPARTIR
TAPAS



AMAS DE CASA. A Asociación de Amas de Casa de Meira foi a anfitriona do día provincial que celebra a dita entidade todos os anos e que nesta ocasión congregou a 150 socias procedentes de Barreiros, Bretoña, Burela, Foz, Guitiriz, Lugo, Mondoñedo, San Cibrao e Xove.

meira

O Ciclo Mestre Mateo regresa a partir do 11 de xuño

A Asociación Cultural M de Meira anuncia a chegada dunha nova edición do Ciclo Mestre Mateo á vila, que dará comezo o vindeiro 11 de xuño. A actividade celebrárase os mércores e ofrecerá ao público a oportunidade de desfrutar dunha cuidada selección de oito pezas audiovisuais finalistas na pasada edición dos prestixiosos Premios Mestre Mateo. Entre elas inclúense catro longametraxes e catro documentais, ademais de dúas sesións especiais de curtametraxes.

As películas que conforman o ciclo son As Neves, +Cuñados, Xustiza Artificial, Honey Moon, Aurora, Prefiro Condenarme, Filmei Paxaros Voando e Salvaxe.

Este evento é posible grazas ao apoio da Academia Galega do Audiovisual, que inclúe Meira no seu programa de proxeccións, á Vicepresidencia da Deputación de Lugo, que patrocina a iniciativa, e ao Concello de Meira, que cede o espazo necesario para a realización das sesións.

Con esta nova edición, Meira consolídase como un punto de referencia para a difusión e goce do cinema galego.

Regresa a Baixada de Carrilanas, edición Rally

A Baixada de Carrilanas Vila de Meira, na súa edición Rally, celebrárase os días 14 e 15 de xuño, sendo unha das probas puntuables para a Copa Galicia da especialidade. O evento contará cun formato de carreira tipo rally, no que se sumarán os tempos das diferentes mangas oficiais para determinar a clasificación final. Estableceranse premios para os tres mellores participantes de cada categoría, así como para o Scratch Xeral.

As inscricións, que xa están abertas, pecharanse o martes 11 de xuño. A organización, a cargo da Asociación Os Meiregos, puxo a disposición dos participantes unha área de acampada no pavillón, con servizo de baños e duchas, así como aparcadoiro para autocaravanas, dispoñibles desde o venres ata o domingo.

O sábado 14 de xuño a actividade comezará ás 11:00 horas coas verificacións técnicas e administrativas, que se prolongarán ata as 12:30. Ás 13:30 haberá un pincheo para os participantes, seguido do



briefing de pilotos ás 15:00. O remonte cara á saída iniciárase ás 15:30, e ás 16:00 darán comezo os adestramentos oficiais. As primeiras mangas oficiais, os tramos TC1 Meira e TC2 Seixosmil, celebráranse a partir das 18:00 horas.

O domingo 15, os participantes serán remontados de novo á saída ás 10:00 horas e as mangas oficiais comezarán ás 10:30, disputándose os tramos TC3 Meira, TC4 Seixosmil e TC5 Meira. A entrega de premios terá lugar no Paseo Central ao rematar as probas.

riotorto

Abre a inscrición para unha nova edición do campamento de verán

O Concello de Riotorto organiza de novo este ano un campamento de verán para rapaces. Esta actividade inclúe obradoiros, xincanas, obradoiros e festa da escuma e máis sorpresas. Tamén haberá excursións, unha hípica, outra a Cerceda e dúas saídas á praia.

Será entre os días 30 de xuño e 1 de agosto en horario de 10 a 14 horas e está dirixido a nenos de 4 a 14 anos. As inscricións poden facerse na Casa do Concello antes do venres 20 de xuño ata completar as prazas dispoñibles, que son 40. O prezo por neno non empadroadado no Concello é de 120 euros sendo de 50 euros para os empadroados, incluído un almuerzo. O servizo tamén contará con horario de conciliación, de 9.00 a 10.00 para aqueles que o necesiten.

FESTAS DE SAN PEDRO. O Concello organiza as súas habituais festas na honra a San Pedro, acompañada dunha comida veciñal. Será o domingo 29 de xuño e para



todos os que queiran asistir teñen ata o 25 do mesmo mes para comprar a súa tarxeta en todo os bares da localidade e na gasolinería por un prezo de 30 euros.

O programa dará comezo á 13.15 cunha misa solemne, seguida dunha sesión vermú a cargo do dúo Epo-K. A comida veciñal estará servida por Pulpería Suso e constará de xamón cocido, polbo e churrasco, sobremesa e café. Continuará a sesión coa actuación do mesmo grupo.

OFERTA FORMATIVA

01 ESO



02 ESA (ESO para adultos)



03 FP BÁSICA

- Informática de Oficina
- Mantemento de vehículos



CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO

- Electromecánica de vehículos automóbiles
- Sistemas Microinformáticos e Redes
- Soldadura e Caldeiraría (FP Dual)



CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR

- Administración e Finanzas
- Mecatrónica Industrial (FP Dual)



ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS

- Inglés todos os niveis

Cursos de Certificación A2-C1
Curso Semipresencial B2
Clase de Conversa Básica
Clase de Conversa Intermedia

EOI FERROL
SECCIÓN AS PONTES
604 079 684

AULA DE EMPRENDEMENTO

- Potenciamos o emprendemento



Rúa José María Penabaz López s/n
15320 As Pontes (A Coruña)
Teléfono 881 93 00 01

ies.castrodauz@edu.xunta.gal



<http://www.edu.xunta.gal/centros/iescastrodauz/>



Rematan as Xornadas Interxeracionais Rurais de Cabreiros

O 7 de xuño rematan as Xornadas Interxeracionais Rurais de Cabreiros na súa 21 edición. O sábado 7 de xuño celebrábase a visita a Santiago de Compostela. O autobús sairá ás 9:00 h de Cabreiros. Ás 11:00 h, no Museo do Pobo Galego, terá lugar o acto de entrega das publicacións e traballos realizados nos últimos 20 anos nas xornadas Xornadas Interxeracionais Rurais, aprendendo cos nosos maiores. Despois da entrega, ás 12:30 h, farase unha visita ao museo. Ás 14:00 h será a hora do xantar e, xa pola tarde, ás 16:30 h, haberá unha visita guiada á Cidade da Cultura. É necesario anotarse para a excursión do día 7, tanto para o autobús como para o xantar.

O Pleno establece unha taxa para as actividades extractivas de madeira

O Pleno da Corporación acordou a imposición dunha taxa polo uso común especial do dominio público derivado das actividades extractivas de madeira, a razón de 0,60 euros por tonelada extraída nos montes e espazos forestais do municipio. Deste xeito Xermade súmase aos seis concellos da provincia de Lugo pioneiros na imposición desta taxa no ano 2020, a fin de que as arcas municipais podan facer fronte á reparación de vías municipais deterioradas por mor da actividade forestal. Tamén se aprobou a modificación da ordenanza fiscal da taxa de saneamento, a fin de gravar a prestación deste servizo e non só a acometida. No ano 2021 iniciouse a modernización da rede de saneamento, cunha nova depuradora no Empalme, na parroquia de Cabreiros, e no Campo da Feira, na parroquia de Momán. O Concello aprobou en novembro de 2024 unha auditoría da rede de saneamento, e prevé ir executando as medidas de mellora previstas no citado documento a partir do 2025,

para o que xa ten solicitada unha axuda a Augas de Galicia. A Lei estatal 7/2022, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, esixe que en abril do 2025 os concellos teñan implantada unha taxa de residuos non deficitaria, que reflecta o custo total do servizo e que permita o pagamento por xeración. A Federación Galega de Municipios e Provincias elaborou unha guía para a elaboración, tramitación e aprobación de ordenanzas fiscais en materia de residuos que dea cumprimento a esta esixencia. A ordenanza aprobada provisionalmente nesta sesión polo Pleno segue este modelo, aínda que a taxa aprobada unicamente acada o 71,73 por cento de nivel de autofinanciamento (a taxa actual acada o 34,51%). Por último, deuse cumprimento á obriga de aprobar un Plan económico-financiero para os anos 2025-2026 derivado do incumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e regra o gasto na liquidación do exercicio 2024.

O Concello convoca a duodécima edición do Xermade na Historia

Un ano máis, o Concello de Xermade convocou o Premio de Investigación Xermade na Historia, a XII edición, que organizan conxuntamente o Concello, a asociación de veciños de Cabreiros e a Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, co patrocinio da Deputación de Lugo e que na última edición quedou deserto.

Xa está aberto o prazo para presentar os traballos e este mantense ata o 20 de febreiro de 2026. Así mesmo, mantense un premio de 2.000 euros para o primeiro e un segundo galardón dotado con 1.000 euros. Os interesados en participar poderán facelo tanto de xeito individual como colectivo e con cantos traballos queiran presentar, sempre que estes versen sobre temas relacionados co patrimonio etnográfico e cultural de Xermade: tradicións, ritos, festas, arte popular, memoria histórica, costumes, arquitectura, etc.



A organización establece tamén unha extensión mínima de 50 folios e un máximo de 400 e deberán estar escritos en galego. As investigacións deben remitirse por correo ao rexistro municipal e presentarse en impresos tamaño folio e cunha copia dixitalizada en CD ou USB. Irán acompañadas dun sobre pechado cos datos persoais do autor ou autores, así coma o seu currículo, e do modelo de presentación que pode atoparse na web municipal, www.xermade.org, debidamente cuberto.

Finaliza un ciclo de cine sobre música tradicional cunha ollada ás mulleres e á tradición oral

Continúa o ciclo de cine dedicado á música tradicional, organizado pola asociación Castiñeiro Milenario. A iniciativa naceu como homenaxe ás cantadeiras e á tradición oral, en sintonía coa celebración do Día das Letras Galegas, que este ano pon o foco na transmisión da cultura a través da música e da voz das mulleres. O ciclo consta de tres proxeccións que afondan na relación entre a música, a tradición e o papel fundamental das mulleres na súa conservación. O ciclo pecharase o 21 de xuño coa película *Lévame a idea*. Todas as sesións serán de balde e terán lugar na Casa da Cultura de Begonte. A organización anima á veciñanza e ao público en xeral a participar neste percorrido audiovisual pola música tradicional galega. Conta coa colaboración do proxecto Xorima, a Asociación Gaiteiras Galegas, Navíos e Folerpas, a Deputación da Coruña e o Concello de Begonte.

Organizan este verán os campus de Ximnasia Rítmica e patinaxe

Un verán máis, o Club Violeta Ximnasia Rítmica, en colaboración co Concello de Begonte, organiza unha nova edición do Campus de Ximnasia Rítmica, que terá lugar do 7 ao 11 de xullo no Pavillón Municipal de Begonte. O campus desenvolverase en horario de 10:00 a 14:00 horas, ofrecendo tamén a opción de acollida temperá dende as 9:00 para facilitar a conciliación familiar. As actividades inclúen técnica corporal e de aparatos, danza, xogos, preparación física, acrobacias e talleres creativos. As prazas son limitadas e xa está aberto o prazo de inscrición, que pode realizarse a través de WhatsApp no número 645 483 985 (Yai-za). Este evento converteuse nunha cita esperada cada verán polas familias da comarca, combinando deporte,

creatividade e diversión para as máis pequenas e pequenos. O Concello de Begonte celebrará tamén no mes de xullo unha nova edición do campus de patinaxe coincidindo co tempo de lecer dos pequenos e para axudar na conciliación da vida familiar e laboral. O campus terá lugar no pavillón municipal de Begonte do 14 ao 18 de xullo en xornada de mañá, entre as 9.00 e as 14.00 horas, e está dirixido a rapaces e rapazas de 3 a 16 anos. Terá un custe de 40 euros para o público en xeral e de 30 para os empadroados, escolarizados ou participantes nas escolas deportivas de Begonte. Os interesados en participar deberán inscribirse previamente. O prazo para facelo pecha o 27 de xuño e poderá realizarse a través da sede electrónica do Concello.

Adxudicada unha parcela no polígono industrial de Begonte

A Xunta de Goberno da Deputación provincial de Lugo adxudicou tamén unha parcela do polígono industrial de Saavedra, en Begonte. Trátase dunha parcela de solo urbano industrial que ten unha superficie de 2.257 metros cadrados por un importe de 38.820,51 euros. A superficie de solo industrial posto á venda

pola Deputación neste polígono foi de 177.000 m2 en, aproximadamente 12 parcelas. E desas continúan á venda dúas parcelas urbanas, as últimas dispoñibles neste polígono: a parcela número 1, cunha superficie de 43.650 m2 e a número 4, con 10.550 m2 e dúas parcelas de solo rústico de 19.522 m2.

CENTENARIO



Modesto Prieto Díaz, veciño de Illán, celebrou o seu 100 aniversario. O alcalde, José Ulla, e a concelleira de Cultura, Sonia Varela, achegáronse ao Centro de Día para acompañalo nesta efeméride. Alí fixéronlle entrega dun agasallo en nome de todo o pobo de Begonte.

“Temos un repertorio persoal con temas adaptados a nós”

Bamboleo é unha nova formación creada en Rábade con músicos chairegos

Cando se creou Bamboleo?

Creouse a inicios do 2025, estreándose no Entroido da Pobra de San Xiao e na Festa do Caldo de Osos.

Como xurdiu a idea?

A idea xurdiu de Nacho e José, ambos profesores de música en colexios de Lugo e Vilalba. Vendo a evolución musical e o cambio xeracional que está a haber nas festas, notamos que hai cada vez máis unha demanda de música de rúa, en directo e en pequeno formato, pero que interprete música actual e pop e rock, para amenizar vermú, tardeos, romaría e festas. Este cambio musical veu en parte porque a mocidade e a xente de mediana idade xa non é exclusivamente que se relacione de noite, senón prefere apostar por outro formato, de feito de aí o auxe das pequenas formacións de dúos, tríos, dj, e as orquestras xa hoxe en día practicamente destinadas o ocio nocturno. Entón nós o que ofrecemos é unha formación moi similar a unha orquestra xa que temos os mesmos instrumentos, un repertorio moi parecido, pero cun formato loxístico moito máis reducido cun equipo de son e iluminación destinado ó pequeno formato para un público de rúa, en praza, ou vodas comuñóns.

Son todos da comarca. De onde?

Case todos, menos o trombonista Juan Carlos que é de Celanova. O resto somos de Friol, Outeiro de Rei, Vilalba, Portomarín e Lugo.

Como se escolleu o nome?

Pensouse nun nome moi coñecido con forza e sinxelo de recordar, Bamboleo é sinxelo, fácil e moi arraigado debido ó programa da TVG.



Tamén veñen todos doutras formacións?

Case todos somos músicos moi experimentados incluso de grandes formacións de Galicia, digamos que temos grandes músicos que pasaron por orquestras e que agora apostaron máis pola docencia e deixaron o mundo da verbena.

Onde comezaron a actuar?

O 1 de marzo na Festa Caldo Osos Taboada e o 3 de marzo na Pobra San Xiao o entroido. Tamén este 3 de maio en Cotá, Friol, amenizamos a vermú dunha voda.

E que teñen no calendario?

Temos en agosto, porque xuño e xullo non collemos moitas datas de momento porque non estamos tan dispoñibles porque nos centros educativos temos moito traballo de fin de curso. En agosto si que temos xa datas cerradas en Castro de Rei varias, Bóveda, Corgo e reservadas algunhas

Cal é o seu repertorio?

Un repertorio moi persoal, cada tema foi adaptado e arranxado só para nós, de feito temos arranxistas de grandes orquestras como Saté-

lites ou Panorama, apostamos por un repertorio moi bailable de merengues, musica actual versionada a merengue, moito pop e rock galego, clásicos como un mix dos Tamara ou dos Billos Caracas, e incluso un merengue propio o merengue Bamboleo. Cabe destacar que as letras da canción a maior parte son versionadas ó galego, apostando pola nosa lingua.

Que obxectivos teñen?

O obxectivo deste ano é estabilizarse, darse a coñecer, e dar a coñecer un concepto diferente, e dicir asentarse como formación, e que saiban de nós. A longo prazo, que nos vexan como unha formación que pode amenizar tanto unha vermú, un pasarrúas, un tardeo, voda ou calquera evento de pequeno formato, e dicir, non poden levar unha orquestra por falta de espazo ou presuposto, pois que saiban que Bamboleo é como unha miniorquestra.

Buscades máis xente?

Agora mesmo entre os oficiais e a xente que temos para substituír baixas estamos bastante completos, pero se alguén quere unirse pode.



A vila de Rábade celebrou o centenario do Concello cunha recreación

Rábade viviu o día 28 unha celebración moi especial, o centenario da creación do Concello, que se independizou do de Begonte o 28 de maio do 1925.

Realizaron varios actos, que se centraron na recepción das autoridades no Concello antigo e un paseo ata a praza de España.

A veciñanza participou activamente para recrear o ambiente e o vestia-

rio de hai 100 anos, cun mercado e unha verbena de época. Entre as actividades realizadas destaca a inauguración dunha escultura conmemorativa e dunha exposición sobre o Centenario na Praza do Concello. Ademais presentou a Muiñeira morisca de Rábade, de Euloxio Penas e Xosé Torres, e houbo concertos da banda Sons e Soños e de Luar na Lubre.


Rapatiando ultima a inscrición para o verán

O día 6 de xuño remata o prazo para inscribirse nas actividades de verán que se celebrarán dentro do programa Rapatiando 2025, unha iniciativa dirixida á infancia e mocidade con actividades educativas, deportivas e de lecer ao longo do ano.

O 23 ao 27 de xuño terá lugar o Campus Patinaxe no Pavillón Municipal, mentres que do 7 ao 11 de xullo desenvolverase o Campamento de Ve-

rán, con actividades de 10:00 a 20:00 horas. Durante todo o mes de xullo, tamén se celebrará o Campamento Urbano polas mañás.

A mocidade de cursos superiores poderá participar en saídas especiais, con visitas ao Aquapark de Cerceda e actividades en Viveiro. Ademais, do 2 de xullo ao 13 de agosto, os luns e mércores realizarase a actividade Coñecendo o Miño.



Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO)
Telf: 982 511 200
SISTALLO - COSPEITO
Telf: 982 520 133

Visita nuestra nueva tienda online:
www.construfervilalba.com



Rúa Campo de Puente 65 baixo
VILALBA
T: 982 523 499 / 623 552 876
ebosobradoirodoce@gmail.com
Facebook: EBOS Obradoiro Doce



A Romería da Xestosa volve coas súas poxas

O Concello de Muras celebrará a súa tradicional Romería de San Antonio da Xestosa a fin de semana do 13 ao 15 de xuño. Así, as festas darán comezo este ano o venres, ás 19.30 horas cunha misa solemne a procesión e, de seguido, habeár unha sardiñada e chourizada de balde. A noite estará amenizada pola orquestra Compostela e DJ Juanjo.

O sábado arrancarán o día coa misa solemne ás 13.00 horas con procesión seguida de sesión vermú co grupo Alba e, pola noite, este mesmo grupo acompañará da Discomovil Olympo. Ás 15.00 horas está previsto o xantar popular no campo da festa a base de empanada, callos, churrasco de porco, sobremesa, café e licores por un prezo de 33 euros. As persoas interesadas en asistir deberán anotarse antes do 9 de xuño nos teléfonos

697 882 724 e 697 882 760.

O domingo, haberá oficio relixioso tamén á mesma hora e sesión vermú prolongada con Verónica Cambón, que poñerá o punto e final a dous días de celebración. Nesta romaría, que se celebra ininterrompidamente dende hai un século, haberá poxas os dous días.

FESTAS DE MURAS. A noite do sábado 21 de xuño estará cheo de comida e diversión na localidade de Muras, que celebrará as súas festas de San Xoán, na que non faltará a tradicional fogueteira. O programa comezará ás 21.00 cunha gran paella a cargo de Martino. A partir das 22.00 será a vez do dúo Eclipse, que amenizarán a noite coa súa música. Como colofón, terá lugar un sorteo de rifas ás 23.30 horas e pecharán con queimada para todos os asistentes.

O PP presenta 170 firmas para reclamar o arranxo das vías

“O mal estado xeneralizado das estradas provinciais no municipio de Muras xera queixas continuas entre os veciños e veciñas”, asegura o Partido Popular que avanzou que reuniu preto de 170 firmas (1 de cada 3 veciños) para reclamar ao goberno provincial a mellora da práctica totalidade da rede viaria que é titularidade da Deputación ao seu paso polo municipio. A reclamación esixe ao goberno que preside Tomé a reparación de forma urxente o pavimento destas vías de

titularidade provincial, que se mellore a sinalización e o seu mantemento e se programen debidamente os traballos de limpeza das marxes. “Anunciaron actuacións na LU-P-6502, pero en ningún punto do termo municipal de Muras a pesar de que se atopa en mal estado na súa totalidade. No caso da LU-P-3804, entre Belesar e O Viveiró, anunciaron actuacións nos últimos 6 km que levan anos cun importante deterioro. É dicir, só prevén actuar nun 10% do total das estradas de Muras”, din.

Un exemplar de ‘Alba de Gloria’ de Castelao viaxa ata a Unesco

O presidente da Real Academia Galega, Henrique Monteagudo, participou en Muras na preparación do envío á Unesco dun exemplar numerado da primeira edición do discurso *Alba de Gloria* de Castelao pertencente á biblioteca da pedagoga Antía Cal e do oftalmólogo galeguista Antón Beiras. O acto, convocado polo Legado Activo Beiras Cal na véspera do Día Mundial da Diversidade para o Diálogo e o Desenvolvemento, contou co alumnado do colexio que leva o nome da educadora, pioneira do ensino en galego. Os nenos e nenas desta escola de Muras asinan unha das tres cartas que chegarán canda o volume á organización internacional para lle solicitar apoio ás medidas a prol da lingua galega.

“Desde o Legado Activo Beiras Cal pedímoslle á Unesco que se interese por aquelas políticas lingüísticas que sirvan para darlle á lingua galega un futuro, e facémolo neste momento no que hai unha clara crise no número de falantes da nosa lingua porque cremos que é unha hora crucial para a permanencia do galego”, explicou Beatriz Beiras Cal, filla de Antía Cal (1923-2022) e Antón Beiras (1915-1968).

O presidente da RAG aplaudiu esta iniciativa arredor de *Alba de Gloria* polo que o texto significa na historia de marxinación e represión do galego, e valorou especialmente que se faga da man dunha escola rural porque “a diversidade lingüística está relacionada coa diversidade humana e o territorio”. “Temos que relacionar o mantemento do idioma co benestar e co desenvolvemento das comunidades humanas que o falan. E isto está intimamente rela-



cionado coa ecoloxía, co coidado do territorio e co desenvolvemento respectuoso co medio natural, que permita que a xente se radique no rural en condicións de vida dignas”, engadiu Henrique Monteagudo nun acto que contou tamén coa presenza do alcalde de Muras, Manuel Requeijo. Nesta liña, os quince nenos e nenas do CEIP Antía Cal Vázquez reclaman na súa emotiva carta apoio ás escolas rurais como preservadoras da contorna e do idioma do país. “A nosa escola é moito máis ca un lugar para aprender: é onde aínda se pode escoitar o galego. Por iso vos pedimos apoio para as escolas do rural, para que non se esqueza quen vive no rural. Que haxa leis, recursos, vontade para manter vivas as aulas pequenas como a nosa”, expresan. O Legado Activo Beiras Cal asina outra das cartas e Henrique Monteagudo, especialista na figura de Castelao, firma a terceira dirixida á directora xeral da Unesco, Audrey Azoulay. O presidente da Academia explícalle a significación histórica e cultural do derradeiro discurso de Castelao, pronunciado o Día de Gali-

cia de 1948 desde o exilio en Buenos Aires e prohibido durante moitos anos na súa terra. A celebración co gallo do Día Mundial da Diversidade Cultural para o Diálogo e o Desenvolvemento tivo lugar na sede do Legado Beiras Cal, a antiga casa familiar en Muras de Antía Cal, fundadora do colexio Rosalía de Castro de Vigo, onde desenvolveu unha pedagogía innovadora e apostou polo uso do galego en plena ditadura. Cal escribiu nos anos 50 O libro dos nenos, un manual de xeografía en galego que permaneceu inédito máis de sesenta anos. Considerado unha das obras fundacionais da pedagogía galega do século XX, foi galardoado polo Lar Galego de Caracas en 1955, catro anos despois de que saíse do prelo na Arxentina a primeira edición de *Alba de Gloria*. Antía Cal e Antón Beiras conseguiron facerse cun dos exemplares desta alocución que chegou clandestinamente a Galicia. “Posiblemente chegase á casa deles a través de Luis Seoane, con quen mantiñan unha estreita relación”, apunta Carme Varela, secretaria do Legado.

MEDIO AMBIENTE



A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, asistiu ao CEIP PL Rosalía de Castro para participar nunha xornada formativa organizada pola Garda Civil no marco do Plan Director para a Convivencia e Mellora da Seguridade nos Centros Educativos. A actividade, centrada na protección da natureza e na prevención de incendios, estivo dirixida ao alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.

Carlos Pita e Fernando Seoane apadriñan o I Campus de Fútbol

O Concello de Pol acollerá o I Campus de Fútbol, unha iniciativa deportiva que contará coa presenza destacada de dous referentes do fútbol galego: Carlos Pita e Fernando Seoane, históricos xogadores do Club Deportivo Lugo. O campus, que terá lugar entre o 14 e o 19 de xullo, está dirixido a xogadores e xogadoras nados entre os anos 2011 e 2018, e desenvolverase en horario continuo de 10:00 a 19:30 horas. A actividade inclúe sesións de



adestramento en tres campos de fútbol, así como momentos de lecer na piscina, ofrecendo unha combinación perfecta de deporte e diversión para os máis pequenos. Ademais, haberá servizo de transporte dispoñible para facilitar a asistencia dos participantes. A organización corre a cargo da asociación A.P.S.X. Agrado Corazón e o propio Concello de Pol, e as inscricións estarán abertas ata o 30 de xuño.

O BNG insta ao Concello a regular a publicidade nos carteis das festas

Outeiro de Rei volve situarse no centro da polémica pola presenza dun club de alterne, supostamente vinculado á prostitución, como entidade patrocinadora das festas de San Martín de Guillar. O BNG fixo pública a súa preocupación a través das redes sociais, sinalando a necesidade dunha regulación ética e clara da publicidade que aparece nos espazos públicos durante celebracións populares.

Desde a formación nacionalista manifestan que comprenden a difícil situación económica das comisións de festas, que moitas veces deben afrontar a organización con recursos limitados e escasa colaboración institucional. Precisamente por esa falta de apoio económico, moitas acaban recorrendo a patrocinios de empresas ou negocios que, segundo o BNG, “non son compatibles cos



valores que deben transmitir unhas festas populares e abertas a toda a cidadanía, incluídas as crianzas”.

O BNG apunta directamente ao Concello pola ausencia de criterios claros á hora de permitir determinados contidos publicitarios nos carteis festivos ou noutros espazos públicos. Por iso, solicita ao goberno municipal que estableza “uns mínimos éticos e sociais” para evitar que se repitan casos coma este.

Ao mesmo tempo, reclaman que o Concello incremente as axudas ás comisións organizadoras e asociacións culturais, dotándoas de mecanismos transparentes e obxectivos para acceder a financiamento, co fin de que non teñan que depender de colaboracións que poidan xerar controversia ou resultar inadecuadas.

Non é a primeira vez que se produce unha situación semellante no municipio. En anos anteriores xa se criticara a presenza de publicidade doutros locais deste tipo, mesmo nun valado no campo de fútbol municipal, cuestión que foi levada a pleno polo propio BNG.

“Queremos unhas festas para todos e todas, inclusivas, respectuosas e alegres, que contén con regras claras no acceso aos recursos públicos e na publicidade permitida. Non todo vale”, conclúen os nacionalistas.



Rosalía Rodríguez e Sara Espiño gañan o certame de videopoemas

Rosalía Moraig Rodríguez Craven, do IES Rosalía de Castro de Santiago de Compostela, co videopoema Estranxeira na súa patria, e Sara Espiño Vaamonde, do IES A Pontepeñeira de Santiago de Compostela, co videopoema Castellanos de Castilla, resultaron gañadoras da VIIIª edición do Concurso de videopoemas sobre composicións poéticas de Rosalía e Manuel María que organiza a Casa-Museo Manuel María. As estudantes compostelás obtiveron os dous premios outorgados pola Casa-Museo Manuel María durante o acto que se celebrou en Outeiro de Rei e no que se expuxeron os sete traballos finalistas desta edición, entre os máis de medio centenar presentados por distintos centros educativos de toda Galicia.

O xurado do certame, composto polo realizador Omar Rabuñal Varela, o profesor e guionista, Eduardo Álvarez González, e a profesora e guionista, Anxa G. Refoxo, premiou o videopoema Estranxeira na súa patria, de Rosalía Rodríguez,

“polo seu moi bo nivel na produción: vestuario, interpretación, ambientación, destacada fotografía... e que con dominio da técnica narrativa consegue ritmo poético e un eficaz contido creativo”. Así mesmo, premiou o videopoema Castellanos de Castilla, de Sara Espiño Vaamonde, “polo dominio da linguaxe audiovisual, unha gran fotografía, planos hipnóticos nunha excelente ambientación que contextualiza visualmente o poema, un ritmo e unha narrativa coidadísima que terminan creando toda unha experiencia sensorial”.

O concurso de videopoemas que organiza a Casa-Museo Manuel María ten por finalidade potenciar a creatividade artística a través da harmonía entre palabra e imaxe e difundir a obra de Rosalía e Manuel María. Nesta oitava edición que se cerrou onte contou con participantes de centros educativos de Lugo, A Estrada, A Coruña, Compostela, Sarria, Nigrán, Ponteareas, Porriño, Vila de Cruces, Narón, Zas, Ponteceso e Trazo.

Abre o prazo para participar na Feira de Artesanía do 5 de xullo

O Concello de Outeiro de Rei organiza a décimo sétima edición da súa tradicional feira de artesanía que terá lugar o sábado 5 de xullo.

Un ano máis, as tradicionais seccións de artesanía e de produtos de alimentación buscarán ofertar ao público unha ampla mostra de artigos únicos de calidade de diferentes especialidades porque ao igual que nas edicións pasadas, o Concello de Outeiro de Rei tratará de dar cabida á maior variedade posible de oficios e de produtos artesanais.

A tal efecto, o Concello de Outeiro de Rei abre o prazo de inscrición para participar na feira de artesanía polo que as persoas que desexen asistir como expositores poden solicitar a súa participación no Servizo de Emprego e Desenvolvemento Local a partir do día 15 de maio ou nos teléfonos 982 393 382/ 982 393 281, en horario de 9:00 h a 14:00 h.

O Concello de Outeiro de Rei ofrece aos expositores admitidos que non veñan co seu propio posto un espazo cuberto para expoñer (en jaimas ou

similar e sen custo).

Á hora de obter posto valórase a dedicación profesional á actividade artesanal ou alimentaria. Neste sentido, terán prioridade os talleres artesanais e as persoas autónomas dadas de alta nun epígrafe do IAE correspondente a unha actividade artesanal; no caso da sección de alimentación, as empresas alimentarias inscritas no rexistro de artesanía alimentaria de Galicia, ou equivalente se proceden doutras comunidades autónomas.

pol

Destacan a colocación de vinte trampas contra a vespa velutina

O Partido Popular de Pol quere manifestar a súa satisfacción pola colocación de vinte trampas xeolocalizadas contra vespa a velutina no concello, unha actuación levada a cabo pola Xunta de Galicia.

Trátase dunha medida que atende unha das principais demandas dos sectores apícola, gandeiro, agrícola e forestal, xa que permitirá facer un seguimento exhaustivo da expansión desta especie invasora e contribuír ao control do seu impacto.

A voceira do PP de Pol, Nicole

Grueira destaca que “estas trampas permitirán unha loita máis eficaz, planificada e adaptada ao territorio contra unha praga que leva anos causando importantes perdas no noso medio rural”. Grueira tamén quere agradecer expresamente á Xunta o seu compromiso con este concello: “Dende o PP de Pol quere agradecer á Xunta o seu traballo e a súa implicación con esta actuación, que é un paso importante na protección das nosas explotacións, da nosa biodiversidade e do noso futuro”.

Particular vende BMW F850GS Rallye

- Só 4200km.
- Entrégase con pantalla Givi e a pantalla orixinal
- Equipada con baúl Givi de 52 litros, con espazo para 2 Cascos
- Paquete Confort
- Paquete Dinámico
- Paquete Activo

Interesados: **661 464 323**

13.000€

DEPUTACIÓN

Aprobadas as bases dos premios á excelencia do turismo e a gastronomía

A Xunta de Goberno sacou adiante a convocatoria da sexta edición dos premios á excelencia do turismo e da gastronomía da provincia de Lugo, de novo con tres categorías: Premio Lugo Cambia ao turismo lucense; Premio Turismo Sostible; e premio ...E para comer, Lugo á gastronomía lucense.

Poden presentarse persoas físicas ou xurídicas, institucións e entidades públicas ou privadas, asociacións e colectivos sen ánimo de lucro, de ámbito local, autonómico, nacional ou internacional que destaquen nalgunha das tres modalidades e que teñan repercusión positiva no turismo ou na gastronomía a nivel provincial ou nunha zona específica. As candidaturas poderán presentarse a título individual ou por unha terceira persoa co consentimento expreso do candidato ou candidata.

O xurado estará composto polos representantes do Consello Provincial de Turismo, que, nunha sesión extraordinaria, fallará ata un máximo de tres premios nas categorías Lugo Cambia ao Turismo Lucense e ...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense, respectivamente, e un único premio no caso da categoría de Turismo Sostible. A maiores, o xurado poderá propoñer ata un máximo de tres accésits en total. Os galardóns serán entregados a fi-

nais de setembro nun acto público e como nas edicións anteriores, os premios consistirán nun diploma acreditativo e nun agasallo. Está previsto que as bases desta sexta edición do certame se publiquen nos vindeiros días no BOP.

MEDIO AMBIENTE. Tamén aprobou a resolución do VII Concurso de Fotografía O patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses. “Coa temática desta edición pretendíamos poñer en valor, dar a coñecer e divulgar o patrimonio etnográfico destas Reservas da Biosfera que xestiona a Deputación, é que son unha das ferramentas importantes para o desenvolvemento da provincia”, explicou a Voceira socialista.

Os premiados deste 2025, segundo os criterios da Comisión Avaliadora, son: Javier Cabana Soengas, pola súa obra Arbóreo: Raíces dos Ancares, que recibirá o primeiro premio dotado con 800 euros; Ana María Taboada García, coa súa fotografía Crepúsculo no río Neira, será galardoado co segundo premio que está dotado con 500; Iago Manoel Souto Lorenzo, que inmortalizou Pota e forno de leña, tradición e patrimonio dos nosos fogares, acadará o terceiro premio que conta cun importe de 300 euros.

O Pleno pide á Xunta que asuma o seu compromiso cos maiores

O Pleno da Deputación acordou reclamar á Xunta que asuma o seu compromiso coa atención ás persoas maiores da provincia tras 15 anos de abandono. Na sesión ordinaria do mes de maio púxose de manifesto que é a institución provincial a que está a cubrir as necesidades do territorio en materia de residencias e nese sentido, os grupos políticos acordaron demandar ao Goberno galego que se faga cargo das súas responsabilidades nesta materia.

A iniciativa do Goberno saíu adiante cos votos a favor do PSdeG e do BNG, e en contra do PP.

En referencia ás 24 residencias que anunciou o presidente da Xunta, o presidente da Deputación, José Tomé Roca, reclamou antes da sesión plenaria que se destinen “como mínimo” seis centros á provincia, que son os que lle correspondería por criterios de proporcionalidade territorial. Apuntou ás declaracións de Rueda para criticar que a provincia de Pontevedra vaia ser a maior beneficiaria dese reparto, explicando que “a provincia Lugo ten menos poboación e polo tanto interesa menos ás empresas privadas. As Administracións temos que chegar onde non chegan as empresas privadas, e garantir a igualdade de oportunidades e servizos con independencia de onde residan”. Propuxo ademais a colaboración institucional para coordinar a situación das novas residencias na provincia, para atopar os concellos máis axeitados e onde poi-



dan prestar un mellor servizo.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, lembrou que “Galicia está á cola do Estado en canto a prazas públicas en residencias de maiores, cunha porcentaxe do 41%, fronte a unha media estatal que supera o 60%, e cun déficit estimado de 14.000 prazas”, segundo os informes da Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais. “Somos nós, os gobernos progresistas, os que estamos a atender as demandas dos concellos e dos nosos maiores, cubrindo as carencias da Xunta de Galicia en materia asistencial”, subliñou. Incidiu que nos últimos anos a Deputación abriu nove residencias nos concellos da Fonsagrada, Pedrafita do Cebreiro, Pol, Trabada, Castroverde, Ribadeo, Meira, Navia de Suarna e Ribas de Sil, “achegando máis de 300 prazas públicas, mentres que o Goberno galego non incorporou ningunha”. O Pleno tamén sacou adiante, malia os votos en contra do PP, unha

moción socialista instando á Xunta a garantir a atención ás persoas con problemas de saúde mental. “Hai 1.000 lucenses que levan máis de 6 meses esperando por unha cita co especialista, son dous terzos do total dos pacientes galegos en longa espera”, sinalou a voceira socialista, Pilar García Porto, quen defendeu a iniciativa na que reclama ao Goberno galego máis persoal, investimentos e a redución das listas de agarda.

O BNG sacou adiante unha moción na que insta á Xunta a manter a moratoria do eucalipto ata 2030. A deputada Iria Castro defendeu a iniciativa, que reclama unha xestión activa do monte que garanta a creación de riqueza e emprego no país. “O BNG non está en contra do eucalipto, pero non podemos camiñar cara un sector forestal que dependa exclusivamente desta especie, porque iso podería supoñer unha baixada do prezo e un perigo no caso dunha praga similar á que sofren agora os piñeiros”, explicou.

Outorgan á Deputación o Premio Lois Peña Novo polo uso do galego

A Deputación de Lugo vén de ser distinguida co Premio Lois Peña Novo 2025, un recoñecemento que pon en valor o labor realizado pola Aseoría Xurídica provincial no uso continuado e rigoroso da lingua galega nas tarefas administrativas e legais que desenvolve, tanto de maneira oral como escrita.

O xurado salientou que se trata “dunha iniciativa insólita e valente que está a impulsar unha galeguización integral na práctica xurídica dunha institución pública, unha aposta decidida pola lingua propia que se está a converter nun referente para outras administracións públicas, colexios profesionais e asociacións de letrados”.

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, manifesta a súa satisfacción por esta nova, pois este premio “é unha honra e tamén unha responsabilidade. É un recoñecemento ao traballo serio, rigoroso e comprometido que se leva a cabo desde a nosa Aseoría Xurídica. Pero sobre todo, é un estímulo para seguir apostando polo galego como lingua útil, precisa e digna en todos os ámbitos”.

“Na Deputación de Lugo temos claro que unha lingua que se usa na administración, na xustiza e nos espazos formais é unha lingua con futuro. Por iso, este galardón anímanos a seguir traballando con orgullo e con convicción como viñemos facendo ata agora, polo que seguiremos empre-

gando o galego nos procedementos xudiciais da institución e na representación xurídica dos concellos da provincia”, engade.

O xurado destacou tamén o carácter innovador e abandeirado desta aposta, que “racha coa tradición desgaleguizadora do ámbito xurídico, abrindo camiños para outras administracións e acreditando a súa capacidade para artellar un exercicio xurídico rigoroso, moderno e plenamente normalizado”, Consideran os membros do xurado esta experiencia un “exemplo claro de como a vontade e o compromiso poden provocar unha mudanza estrutural nun dos sectores máis resistentes á galeguización”.

Lánzase o primeiro podcast sobre oralidade

Tras a súa estrea o pasado domingo en A Grade, en Chantada, a Vicepresidencia da Deputación de Lugo puxo a disposición de todo o público o primeiro episodio da serie de podcast *Folcast* sobre oralidade e música tradicional na provincia. O capítulo ten como protagonista á cantareira Concha Casal Eiriz, Concha de Agrade, veciña desa parroquia chantadina e unha das informantes de Dorothé Shubarth para a elaboración do Cancioneiro Popular Galego.

A peza sonora conta coa participación do seu fillo, Suso do Rei, da intérprete e investigadora Alba María, da técnico do Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade do

Museo Pobo Galego Isabel Vigo e da etnomusicóloga Xulia Feixóo. Tamén coas achegas musicais de Pedro García de Pan Sen Fron, de Antía Vázquez de Alana e da poeta Noa Moreira.

Trátase do primeiro de dez episodios que percorreren as distintas comarcas atendendo ás particularidades da oralidade existentes en cada lugar, mantendo unha estrutura baseada en entrevistas para ofrecer unha ollada plural e entendendo o coñecemento como unha construción colectiva.

O episodio está dispoñible no perfil de Folcast en Spotify, ao que se pode acceder tamén desde o perfil de Instagram.

TERRA CHÁ

Adxudicada a remodelación de sete estradas da zona centro

A Xunta de Goberno da Deputación deu tamén luz verde á adxudicación das obras de mellora noutras 7 estradas da nosa provincia ao seu paso por Begonte, Friol, Lugo, Outeiro de Rei, Vilalba e Antas de Ulla. En primeiro lugar, a empresa Cholo SL encargárase dun proxecto de mellora de diferentes tramos de cinco desas estradas provinciais por 316.723,37€. En concreto do acondicionamento da práctica totalidade da LU-P-0802, que conecta Begonte e Santalla; da LU-P-2905 completa, desde Ombreiro a Aspai; da LU-P-3903 completa (Santo Estevo-Donalbai; a LU-P-3904, na súa totalidade, desde Xueus a Feira de Gaioso, e a práctica totalidade da LU-P-5101, que é a que une Rába-

de e Friol.

Os traballos en todas estas vías consistirán na reapertura de cunetas, reparación de desperfectos e repavimentación. O prazo de execución para todas as obras é de 4 meses desde o seu inicio. “Un proxecto moi importante porque virá a mellorar de xeito significativo as comunicacións na confluencia dos concellos de Begonte, Friol, Lugo e Outeiro de Rei”, valorou Rivera Capón.

Tamén á empresa Cholo SL quedou adxudicado, no concello de Vilalba, outro proxecto para rehabilitar preto de tres quilómetros na LU-P-6508, que é a estrada que conecta os lugares de Vilate e Ribado, na parroquia de San Martiño

de Lanzós. Os traballos, cun prezo de 59.300,46€, afectan á metade da vía, no tramo final da mesma. En concreto, as obras comezarán no quilómetro 2 e consistirán na reapertura de cunetas, o saneo da explanada, reparación de desperfectos e repavimentación.

O prazo de execución será de un mes desde que comecen os traballos e “neste caso é unha actuación importante para o concello chairego porque esta é unha das parroquias máis grandes do municipio, na que viven preto de 500 veciños e veciñas e que conta con diferentes puntos de interese como a Casa-Escola de Lanzós, o castro do Adro, ou a capela de San Andrés”, subliñou o deputado.



Arrancan as obras da vía entre Vilalba con Momán

A Deputación de Lugo vén de iniciar as obras de mellora da estrada provincial que conecta Vilalba con Momán, a LU-P-6513, cun investimento de 200.000 euros. Os traballos afectan a dous tramos da vía, desde o seu inicio ata a rotonda de acceso á autovía A8, e inclúen tamén a reposición de marcas viais desde o punto quilométrico 1,6 ata o 17,3.

Concretamente, no tramo que vai de Vilalba —desde a intersección entre a rúa Conde Pallares coa rúa Cidade de Betanzos— ata a conexión coa A8, a actuación consistirá na reapertura das cunetas, pavimentación con aglomerado en quente, sinalización vertical e pintado mediante marcas reflexivas brancas. Desde aí, no pun-

to quilométrico 1,6, e ata o 17,3 xa no concello de Xermade, o proxecto inclúe a reposición da sinalización horizontal. O prazo de execución destas obras é de 2 meses.

Trátase dunha actuación moi importante para a Terra Chá, porque este primeiro tramo transcorre polo casco urbano vilalbés —dando servizo directo á rúa Cidade de Betanzos, rúa da Ferrería e o Camiño do Rollo— e ten moito volume de tráfico porque é a vía que emprega a veciñanza de varias parroquias do rural para acudir á vila e a Xermade. Ademais enlaza coa LU-P-2204, que comunica o núcleo xermadés de Momán coas Pontes de García Rodríguez, na provincia da Coruña.

O Ministerio de Transportes adxudica obras na A-6 e N-6, así como na estrada de Meira

O Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible adxudicou por 13,675 millóns de euros un contrato para a conservación e explotación de estradas do Estado na provincia de Lugo. A duración do contrato é de 3 anos, con posibilidade de prórroga de 2 anos e outra adicional dun máximo de 9 meses. Nel, inclúense requisitos para promover a eficiencia enerxética e a redución de emisións e enmárcase no programa deste Ministerio para manter as condicións de circulación, vialidade e seguridade na Rede de Estradas do Estado, asegurando que sexa accesible nas condicións adecuadas a todos os cidadáns. O contrato está destinado ao mantemento e conservación de 200,600 km de estradas do sector nº01, das cales 89,870 km son autovía. En concreto na A-6 desde o quilómetro 455 (O Cereixal) ao 540,46, no límite provincial coa Coruña. Este tramo atravesa os municipios de Becerreá, Baralla, O Corgo, Castroverde e Guitiriz. Na N-6 actuarase desde o quilómetro 462 (O Cereixal) ao 494,4 (Nadela) e desde o km 498,2 (A Tolda de Castela) ao 546,28, no límite provincial coa Coruña. Finalmente, na N-640 traballarán desde o km 60,6, en Meira, ao 92,8, en Lugo. Atravesa os municipios lucenses de Meira, Pol e Castro de Rei.



Alumnos de Vilalba aprenden en Cabreiros sobre emprendemento

A deputada de Muller e Igualdade, Marisol Morandeira Morandeira, participou nunha nova edición do Campus de emprendemento sostible que a Deputación ten en marcha para fomentar a conciencia social e ambiental entre o alumnado da provincia, conectándoo cos valores e recursos das Reservas da Biosfera que xestiona. O alumando do IES Basanta Silva aprendeu, da man da asociación A Estruga, todo tipo de cuestións relacionadas cos cultivos sostibles, a biodiversidade e a xestión dos recursos naturais.

“Vivimos nun territorio privilexiado, cunha riqueza natural recoñecida a nivel internacional a través das nosas Reservas da Biosfera”, destacou Morandeira, quen incidiu en que “esa riqueza non se entende sen as persoas que a coidan, que a habitan”. Nese sentido a Deputada insistiu en que este campus é moito máis cunha aula, e definiuno como “un

espazo para compartir ideas, para coñecer proxectos reais que funcionan aquí na nosa contorna”.

O alumnado de secundario visitou a explotación da Estruga situada na parroquia de Cabreiros (Xermade), onde coñeceu métodos de agricultura ecolóxica e ademais participou nun taller de elaboración de conservas ecolóxicas.

Desde a súa creación no ano 2013, por esta iniciativa da Deputación de Lugo pasaron xa máis de 500 estudantes de secundaria de centros educativos situados nas Reservas de Terras de Miño e Ancares Lucenses. Nos Campus de emprendemento sostible combínase a formación teórica con visitas a empresas rendibles e sostibles situadas no rural da provincia, permitindo aos mozos e mozas a interacción directa cos responsables das entidades colaboradoras e coñecer exemplos vivos de casos de éxito e boas prácticas.

Os produtos da Serra do Xistral promocionaranse nunhas xornadas

O 7 e 8 de xuño, varios restaurantes das comarcas da Terra Chá e da Mariña ofrecerán pratos con produtos da Serra do Xistral. E o domingo, a ruta Roteiro do Saber porá o foco nas posibilidades do ecoturismo vencellado aos hábitats e á gandería de montaña.

O norte da provincia de Lugo converterase esa fin de semana nun escenario gastronómico e de transmisión de coñecemento. Os días 7 e 8 de xuño poñeráse en marcha a primeira experiencia piloto de Saberes do Monte, unha marca creada ao abeiro do proxecto RURALtXA!, centrada na conservación da biodiversidade a través da bioeconomía.

Así, durante a fin de semana, restaurantes de concellos de Abadín, Barreiros, O Valadouro, Foz e Mondoñedo, servirán tapas e pratos especiais elaborados con carne de tenreira, poldro e mel producidos

na Serra do Xistral.

A experiencia completárase o domingo coa ruta guiada Roteiro do Saber, unha experiencia de ecoturismo que permitirá coñecer, de primeira man, coa colaboración de guías locais, como os produtores locais contribúen á conservación dos ecosistemas como as turbeiras e os queirogais grazas aos seus métodos tradicionais de manexo e produción.

O evento dará inicio o sábado 7 pola mañá no restaurante Asturias, en Ferreira do Valadouro, onde se presentará a marca e se levará a cabo un showcooking inspirado nos sabores do monte, a cargo do chef Juan Rubiños do Restaurante Il Farabutto (Lugo) en colaboración coa Asociación Cociñeiros de Lugo. RURALtXA! é unha iniciativa promovida pola Universidade da Coruña, de Santiago de Compostela, e a fundación HAZI.

“O PSOE é a columna vertebral da acción política na provincia”

José Tomé Roca, presidente da Deputación, que vén de ser reelixido secretario xeral do partido cunha ampla maioría fala dos retos de futuro

Acaba de ser renovado na presidencia do partido. Cales son os seus principais obxectivos?

Sempre que hai un congreso renóvase e, polo tanto, é como un mandato novo. Teño por diante outros catro anos. Presenteime a estas primarias con todas as ganas, toda a ilusión e toda a forza da que son capaz e o que quero, o meu obxectivo principal, é fortalecer o partido con este mandato, sobre todo as agrupacións máis pequenas e que teñen máis dificultades. Loxicamente, o obxectivo final é saír reforzados de cara ás próximas eleccións municipais, conservar as alcaldías que temos neste momento e conseguir algunha máis. Sinceramente, neste momento creo que hai razóns obxectivas que nos permiten pensar que iso pode ser posible. Por outra banda, evidentemente, tamén debemos idear o Goberno Provincial na Deputación para poder seguir xestionando os recursos que benefician á totalidade dos concellos con criterios obxectivos. Antes, cando gobernaba o Partido Popular, isto non se facía, e tampouco se fai hoxe na Xunta de Galicia. Nós repartimos os fondos con criterios obxectivos, que son coñecidos por todos e que son iguais para todos. A axuda da Deputación mantén vivos a moitos concellos. A través do Plan Único da Deputación saben que van ter un diñeiro que oscila entre case 200.000 euros para o concello máis pequeno, que é Negueira de Muíiz, con 225 habitantes, e os concellos máis grandes, como Lugo, Monforte ou Viveiro, que reciben ata 600.000 euros aproximadamente. Os demais están entre os 300.000 e 400.000 euros aproximadamente. Pero, sobre todo para os concellos pequenos, esas axudas supoñen moito. **Antes falábase moito de que a Depu-**

tación era “inoperante”. Este discurso xa se freou, supoño que porque a Deputación cobrou moita máis relevancia nos últimos anos.

Sen dúbida, porque cada vez prestamos máis servizos aos concellos. Hai moitos que, se non fora pola Deputación, non poderían funcionar, porque non son capaces de cobrar os seus propios impostos. Hai que facerlles informes para contratar case todo. Moitas veces damos apoio aos secretarios para celebrar plenos, á intervención para pechar as contas... Xa sei que iso

“O acordo co BNG funciona e dá estabilidade porque está baseado no respecto”

non se ve, pero a cantidade de apoio a través de cooperación cos concellos é inmensa. Polo tanto, a Deputación é básica e, se non queremos chamarlle Deputación, temos que chamarlle doutra maneira, pero ten que haber un ente que estea por riba dos concellos que lles preste apoio, polo menos mentres teñamos o nivel de concellos que temos. En Italia e Francia, por exemplo, agrupáronos. Aquí hai algún exemplo moi pequeno, como Oza-Cesures ou Cerdedo-Cotobade, pero non é o común. Mentres esta sexa a situación, con moitos concellos de moi pouca poboación, ten que haber unha entidade que faga certas funcións. Ademais, facemos moitas outras cousas, polo menos aquí en Lugo. Por exemplo, a cooperación que se fai desde esta institución, aquí

en Lugo, coa Universidade, tanto coa USC (Campus Terra) como coa UNED é tremenda. E a cooperación cos sectores primarios, exactamente igual. Temos convenios con todo o tecido empresarial, comercial, asociativo e produtivo. A Deputación é unha institución útil e ben valorada polos profesionais, dende o meu punto de vista. **Nestes seis anos, hai algún proxecto do que se sinta especialmente orgulloso?**

Si, hai varias cousas. Eu creo que, primeiro, cando cheguei á presidencia, esta casa atravesaba momentos institucionais difíciles. Conseguiamos normalizar todo iso. Hoxe, se a Deputación é nova, é polo que é capaz de facer ou non, por debates políticos, polos plenos... pero non porque non sexa un ente estable, ben organizado e que funcione. Iso parece un tema menor, pero non o é. Logo, sen dúbida ningunha, o tema da mobilidade na provincia. Estamos facendo os maiores investimentos que nunca se fixeron. Pódese criticar que haxa fochancas non sei onde, hainas e sempre as haberá. Na Xunta, no Estado, en todas partes. Pero o maior nivel de investimento que se fixo na provincia desde a Deputación foi nestes anos. Este ano é o récord, con 27 millóns de euros entre conservación e obra nova. Destínase preto dun terzo do orzamento a iso. A cooperación que estamos tendo agora mesmo coa USC, tampouco nunca se dera. Unha das cousas que xa estaba feita, pero sen poñer en marcha, era a Granxa de Leite, onde fan prácticas os alumnos de Veterinaria e de Enxeñería Agrónoma, nun laboratorio vivo, nunha granxa viva. Agora tamén temos en marcha outra cousa, da que estou especialmente satisfeito: unha granxa de porco celta, para a recuperación da



raza autóctona galega, que ten moitísima demanda e non tanta oferta. Así, axudamos tanto a Asoprocel como á USC. De feito, unha das razóns polas que o Campus Terra obtivo a aprobación na inspección da Unión Europea foi precisamente pola Granxa de Leite e a de Porco Celta. Despois hai tamén outro proxecto moi relacionado co ecoturismo que é o Parque Central de Galicia. Temos o centro xeográfico de Galicia, segundo o Instituto Xeográfico Nacional, no Concello de Antas de Ulla, en Nogallás. Neste momento o parque ten xa 4 hectáreas de extensión. Vai haber edificios para actividades formativas de todo tipo, incluso para que xoguen os nenos. Tamén haberá un monólito coas coordenadas para que a xente poida facerse fotos. Por certo, nesas parcelas había eucaliptos, que quitamos, fixemos unha selección dos mellores carballos que había. Pero como todo, cando fas unha obra nova, o día que a acabas non é cando máis bonita está. É ao cabo dun par de anos, cando medran as árbores, o céspede... creo que vai ser un atractivo turístico para a nosa provincia.

E sobre turismo?

A isto hai que sumar os catamaráns, as rutas que temos, os consorcios de turismo da Mariña e a Ribeira Sacra, o tema das rutas do románico... temos moitas actividades en marcha. O programa “Coñece a túa provincia”, por exemplo, que antes non se facía, ten unha enorme demanda. Todas estas cousas creo que son moi importantes. E logo, o tema das residencias é fundamental para nós, no que respecta ao benestar social. Cando cheguei á Deputación, é certo que había algunhas en construción, pero había tres en marcha, creo lembrar. Hoxe hai nove en funcionamento, outras catro en

construción, que son Becerreá, Guitiriz, A Pontenova e A Pobra do Brollón, e hai outras cinco en trámite para saír adiante. Son cuestións coas que, evidentemente, temos un compromiso firme. Tamén, por suposto, traballamos nos sectores primarios. Estamos coa raza rubia galega, conservamos a cachena, temos o tema do cabalo galego, seguimos tamén coa granxa de recría de xovencas... En fin, eu creo que o traballo que está facendo a Deputación é diverso, útil e, sobre todo, moi centrado no tecido produtivo.

Falaba da estabilidade que se conseguiu na Deputación. Supoño que este “matrimonio” tranquilo e sereno co BNG é parte diso?

Sen dúbida. Eu creo que está baseado no respecto. A min gústame que, se se chega a un acordo, ese acordo sexa respectado e cumprido. Temos un acordo de goberno onde cada quen ten as súas responsabilidades, e ti non te metes nas dos demais, e os demais tampouco se meten nas túas. Evidentemente, iso axuda moito, e é un tema que eu quero levar estritamente. Temos isto pactado e hai que cumprilo. Creo que o mandato anterior funcionou de marabilla, foi un exemplo para todo o mundo de como pode funcionar un goberno de coalición. E neste momento segue igual. Levamos seis anos así, como ti dis, é un “matrimonio doce”, e penso que imos rematar así o mandato. Logo, Deus dirá. Agardamos seguir gobernando a Deputación Provincial de Lugo e xa veremos a que acordos chegamos.

Nos últimos tempos, o PSOE sufriu moitos cambios. Besteiro a nivel galego, aquí en Lugo finou á alcaldesa, a elección de Miguel, as primarias...

Como se vive tanto movemento?

O PSOE é un partido histórico, con



máis de 140 anos de historia, e ten unha bagaxe tremendo ás costas. Somos un partido serio, rigoroso, de goberno, e somos a columna vertebral neste momento da acción política na provincia de Lugo, sen ningunha dúbida. Hoxe os concellos máis grandes da provincia, a excepción de Viveiro pola moción de censura, están gobernados polo PSOE, igual que a Deputación. Eu procuro seguir eses pasos. Levo xa certa experiencia en política, no Parlamento, no Concello, na Deputación e noutros ámbitos, e sempre tiveron a mesma forma de traballar: con rigor e seriedade. Podes caer máis simpático ou menos, pero o que ninguén pode dicir é que non traballas, que non intentas axudar e poñer solucións enriba da mesa. Sexan mellores ou peores, iso é o relevante para min. Nas últimas primarias, en números redondos tiveron o 60% de apoio dos militantes. Logo, no Congreso, chegou ao 83%. En fin, se houbera outras primarias, creo que serían distintas, pero foi o que foi. En todo caso, agradezo a todos os que votaron, tanto a uns como a outros, porque iso é democracia. Dicimos que non estamos preparados para as primarias, pero si que o estamos. Mira como votaron os afiliados e non pasa nada. E cando hai primarias nos Estados Unidos, alí son normais, e aquí non? Temos que ser capaces de competir un día e, ao día seguinte, unha vez que falamos os afiliados, cada quen ten as súas opcións.

Cales son os obxectivos a longo prazo? Ten pensado seguir medrando a nivel político?

Non. Teño todas as miñas aspiracións políticas cumpridas. Tiven a sorte de ser deputado, coñeceu o parlamento galego. Ademais, vivino nas dúas etapas: unha de goberno, con Emilio Pérez Touriño, e outra de oposición, con Feijóo. Tamén tiveron ocasión de estar no Concello tanto na oposición como no goberno, e na Deputación, sempre gobernando. Para min, todas as

“O maior nivel de investimento que se fixo na provincia desde a Deputación foi nestes anos”

aspiracións están cumpridas. É certo que, como dixeron no Congreso, gustárame que un lucense como Besteiro fose presidente da Xunta. O obxectivo principal para nós son as eleccións municipais de 2027 e, por suposto, tamén a Deputación. Pero desde o traballo que fagamos aquí na provincia, queremos ser un punto de apoio e obter bos resultados en Galicia. Será necesario facelo en coalición, porque o voto da esquerda está fragmentado entre o BNG e o PSOE, non se prevén maiorías absolutas. O importante é sumar entre o PSOE e o Bloque para

volver gobernar Galicia. O bipartito de Touriño foi moi bo, na miña opinión. Tiveron pouco tempo para desenvolver o proxecto. Aínda hoxe, despois de 16 anos, criticábase desde a Xunta aquel bipartito, iso quere dicir que algo bo se fixo. Despois de tantos anos de goberno do PP, fai falta un cambio, un aire novo na política en Galicia. Todos os gobernos necesitan renovación. Incluso se o PSOE levase tantos anos gobernando, igual tamén lle viría ben algo de aire fresco. Creo que a Galicia lle fai falta esa transición.

Como se combina a presidencia da Deputación coa Alcaldía?

Ben, o importante é organizarse e ter un bo equipo, tanto no Concello como na Deputación, para poder delegar. No Concello, ningún alcalde antes ca min conseguiu tanta inversión para Monforte. Iso dícenmo os propios exalcaldes. Hai moito traballo detrás, con administracións da Xunta, do Estado, da Confederación. Algunha axuda tamén da Deputación, como ao resto dos concellos. Hai inversións en Monforte que levaron anos de negociación, como a supresión de pasos a nivel, que levou cinco anos de traballo. Ou a nova depuradora do Polígono Industrial, que dará servizo durante décadas, incluso se o polígono duplica o seu tamaño vai haber capacidade. Son proxectos que permiten que unha cidade medre e a súa economía mellore. Agora, nos tres ou catro últimos anos hai unha tendencia de crecemento que parece continuar, e iso é porque se están des-



envolvendo proxectos e inversións que xeran actividade económica e atraen a xente que se empadroa. Na Deputación tamén é visible o traballo que se fai, e teño que agradecer aos compañeiros e compañeiras que me axudan. Sempre poño un exemplo extravagante: se Jacques Chirac puido ser alcalde de París e primeiro ministro de Francia ao mesmo tempo, pois eu tamén podo.

Agora supoño que toca traballar para as eleccións

Si, máis ou menos en ano e medio temos que ter as listas, porque as eleccións son o 23 de maio de 2027. Nós temos unha gran vantaxe neste sentido, e é que temos equipos moi bos nos concellos. Gobernamos moitos deles, o 60% da poboación da provincia está en mans do PSOE. Nalgún concello pode haber dificultades, pero en xeral temos bo traballo feito. Nalgúns sitios haberá que reforzar algo, pero en xeral estamos ben.

Como se atopa a relación coa Xunta?

Ben, de feito, mellorou algo co cambio de Feijóo a Rueda. Non hai cor. Hai máis capacidade de escoitar, pero aínda así anuncian moito e fan pouco. Polo momento, as grandes débedas coa provincia de Lugo seguen sen saldarse. Din que van desbloquear a variante de Viveiro, pero iso o que quere dicir é que estaba bloqueada. Por outro lado, a Ronda Este tamén ía facerse antes das municipais, pero non tiñan proxecto nin expropiacións, nin nada. Era unha gran mentira. Dícían que había 6 millóns de euros, pero nada. De feito, nós lle demos a solución a Rueda para ese proxecto, porque se pode facer sen tocar o río Rato, sen tocar a ponte e sen tocar a Carballeira. É dicir, cun impacto mínimo comparado co que eles propoñían. Tamén está pendente a conexión coa A6 na Gándara, é vital. Tampouco cumpren cos museos, cando se pactou o Museo da Romaniza-

ción, pactouse un museo por provincia. Os outros tres están feitos. Todos menos o de Lugo. Por outro lado, a vía principal da provincia entre Lugo, Sarria e Monforte, que é a que ten máis poboación, segue sen desdobrase. Tamén está pendente o porto seco de Monforte, que foi Feijóo a inauguralo, pero aquilo ao final está inacabado, non dá servizo a empresas. É dicir, hai moitas débedas da Xunta con Lugo: servizos sociais, residencias... Levan máis de 15 anos sen facer unha residencia en Lugo. A de Amancio Ortega foi doada, non feita por eles. Son malos executores do orzamento, incluso co IGAPE, só gastan a metade do orzamento que teñen. O resto irá para amortizar débeda ou para o que sexa pero non para o tecido galego.

E co Goberno central?

Eu creo que, para a provincia de Lugo, é unha sorte ter este Goberno. España nunca estivera tan ben economicamente. Nunca houbo tanta afiliación á Seguridade Social, sobre todo de mulleres. Hai máis de 21 millóns de afiliados, por iso o PP nunca fala de se o PSOE é o partido do paro, porque ese é o seu. Foron eles os que precarizaron o traballo coas súas reformas. Este goberno está a recuperar o tempo perdido. Cando Ana Pastor foi ministra, por poñer un exemplo, rompeu o contrato da Intermodal de Lugo, eliminou máis de cen quilómetros de vía única entre Zamora e Ourense, deixou caducar as variantes de Canaval e Rubián... Cando chegou Pedro Sánchez, non había un só quilómetro de vía en obras. Agora hai case 600 millóns de euros investidos na provincia de Lugo. En canto ao tema da alta velocidade, vaise chegar de Lugo a Madrid no mesmo tempo que se tarda en chegar de Madrid a Vigo ou á Coruña, por moito que intenten negalo. Obviamente, as obras están sen rematar e van tardar polo menos un par de anos, pero vai chegar.

EN CLAVE PERSOAL

Idade: 66

Estado civil: Casado

Fillos: 2

Lugar de nacemento: Guitiriz, na aldea de Ombra, en Mariz.

Cando foi para Monforte?

Cando vin traballar. Fixen Agrícolas na Escola Politécnica, que daquela era a Escola de Peritos. Despois traballei na Escola de Especialización Agraria como profesor de tecnoloxía agraria.

Deixou o traballo pola política?

Non, primeiro fun á executiva galega da UGT Galicia como responsable de formación e emprego con Suso Mosquera e aí tiveron unha liberación sindical, como se adoita dicir. Aí estiveron cinco anos, do 98 ao 2003. Despois, en 2003, presentéime ás municipais por primeira vez e gobernamos en coalición co BNG. De 2005 a 2011 fun ao Parlamento de Galicia. Deixei voluntariamente, por un tema que había con Pachi Vázquez. Logo voltei ao meu posto de traballo ata 2015, cando gañamos as eleccións en Monforte. E ata hoxe.

Toca xubilarse da parte profesional?

Ben, estou en excedencia. Eu creo que non vou volver.

Que pensa facer cando se xubile?

De momento non o teño pensado porque aínda non sei cando me vou

xubilar, pero supoño que terei cousas que facer.

Que lle gusta facer cando non traballa?

Gústame moito todo o relacionado coa agricultura. Hortas, produción de plantas, apicultura... De feito, teño unha viña pequena, pero agora mesmo non teño tempo para coitala. Eu non son de estar sentado, necesito estar activo sempre.

Ser socialista naceuse ou faise?

Eu creo que se fai. Claro que cada un nace cunha sensibilidade, pero ser socialista eu creo que é unha das mellores cousas desde o punto de vista ideolóxico que che pode pasar. Moita xente, igual que cando se fala de política, non temos clara a definición das cousas. Para min, ser socialista é ter unha sensibilidade social e axudar aos demais. Eu sempre digo que o mellor programa social que existiu e que nunca tivo ningún partido é a Biblia. Ao final, o que dicía Xesucristo era que quería repartir riqueza, axudar aos enfermos, aos pobres... E iso é un programa social. A outros gústalles acumular riquezas... eu creo que a riqueza debe estar repartida. Sempre vai haber alguén que destaque e algún que quede descolgado, pero o importante é que a gran maioría das persoas estean ben. Ese

é o obxectivo. A política é ocuparse das cousas públicas.

Cambiaría algo da súa vida?

Non, agora mesmo non cambiaría nada. Seguramente, se me poño a pensar e a analízalo finamente si cambiaría algunha cousa, pero en termos xerais estou moi satisfeito coa vida que tiveron e que teño.

Arrepíntese de algo?

Conscientemente non, porque nunca lle fixen dano a ninguén conscientemente. Inconscientemente, como todo o mundo, puiden equivocarme algunha vez e que alguén o pasase mal pola miña culpa. Pero conscientemente non teño a sensación de ter feito ese dano.

De que se sente máis orgulloso?

Dos meus fillos e dos meus netos, sen ningunha dúbida. Desde que son avó non me aburro. Teño pouco tempo para estar con eles, pero o que podo gústame desfrutalo con eles.

Algo que desexe?

Saúde. É o primeiro. Pero a nivel xeral, tamén me gustaría que houbera un mellor reparto da riqueza e que rematasen as matanzas e as guerras. Hai cousas que non se xustifican. O que ocorre en Gaza e Ucraína, e noutros moitos lugares dos que non se fala, ten que rematar xa.

COLABORACIÓNS

Estamos de estrea: Outra Xeira

OUTRA XEIRA



Pablo Veiga

Permítanme, tanto a dirección coma o conxunto dos lectores, un pequeno inciso aludindo á miña colaboración con Terra-cháxa. Moito ten chovido desde aquel xuño de 2008, onde a un servidor lle deron a oportunidade de escribir o seu primeiro artigo no periódico que daquela dirixía Félix Jorquera. Pasado o tempo e mes a mes, un tras outro chegouse aos cen, recopilándoos en formato libro co título *En Cincuenta Mil Palabras*. A partir de aí, periódica e puntualmente cumprimos con cadanseu artigo ata acadar outros cen, dentro da columna que titulamos *Coa Nosa Voz*, xa baixo a batuta de Diego Elías. Igualmente que nos anteriores, existe o propósito de reunilos nun libro.

E chega unha nova etapa, logo de dúas centas publicacións que quedaron aí para a posteridade. Outra Xeira é unha continuidade, con idéntico formato e sen modificar a fórmula, que non pretende ser outra que contar e opinar sobre o que a un lle chama a atención, ou do que a un lle apetece falar, pero sempre tratando de darlle esa visión local; aínda que o tema sexa do máis xenérico, buscarase a relación e a incidencia na vida das nosas comunidades. Sen intención de representar a ninguén, nin de ser ningún referente, trataremos – iso sempre- de proseguir no firme compromiso co propio, coa lingua, co territorio e coas súas xentes. Terra-cháxa representa o esforzo e dedicación dos humildes, xa que nos tempos actuais, que unha publicación en formato papel sobreviva e continúe a súa andaina significa todo un éxito que cómpre valorar. Coñecidas son as extraor-

dinarias dificultades que conleva editar un xornal destas características e proba delo é a cantidade significativa deles que se foron diluindo ata chegaren á total desaparición. O mundo de internet trouxo consigo unha nova forma de obter información, sendo esta inmediata, á que se accede desde un simple teléfono móbil en calquera lugar do mundo e a calquera momento. Existe unha desafección da xente nova pola prensa escrita, de aí que teñamos que darlle un mérito ao noso xornal mensual, que o atoparemos en bares, restaurantes, farmacias, centros de saúde, casas da cultura, etc. de toda a bisbarra chairega. A Terra Chá, cos municipios que a conforman, así coma outros que sen pertenceren oficialmente a ela, comparten circunstancias, inquietudes e problemas, é unha comarca con vida e personalidade propia, cargada de historia,

que atesoura unha riqueza paisaxística, ambiental e monumental, con homes e mulleres afeitos a loitar en condicións moitas veces desfavorables, con emprendedores que souberon inventarse, desenvolvendo innovadores proxectos, sendo artífices de que a vida continuase. Iso a pesar de que, ao igual que toda a Galicia interior, tamén observou a marcha dos seus mozos cara outras latitudes, co continuado despo-

boamento de lugares e o conseguinte avellentamento. Os tempos actuais son complexos, pero mirando cara atrás, cales non o foron, preguntámonos. E sobre o futuro, todo son incógnitas. Agora recibimos nosoutros inmigrantes, que deixan atrás miseria e precariedade. Todo son desafíos e deberemos afrontalos. Outra xeira máis que temos por diante. Que alomenos, o ánimo non decaia.

Tempo de selectividade

O PUPITRE



Julio Díaz

No ensino ocorre como coas colleitas ou as mareas, a cousa vai por tempos, e neste intre na nosa profesión toca PAU, para que os mortais o entendan, a antiga selectividade. Máis de 340.000 rapaces de todo o Estado afrontan este mes de xuño as probas que determinan o seu acceso á Universidade. Aínda que ao longo dos anos recibiu distintas denominacións, en 2025 recupera oficialmente o nome de PAU, siglas de Proba de Acceso á Universidade. Esta etiqueta impúxose de novo no ano 2024 por decisión do Ministerio, pese a que algunhas comunidades seguen empregando os termos ABAU ou EVAU. A cita principal desenróllase entre os días 3 e 6 de xuño, agás Canarias e Cataluña que a atrasan uns días, o mesmo que os afectados pola DANA, que será un mes máis tarde. A disparidade de criterio entre

autonomías ao corrixir estas probas cuestiona a equidade no acceso á Universidade. Expertos e alumnado recoñecen as diferenzas de avaliación por autonomías. Mentres nin comunidades nin Ministerio atopan a solución axeitada en función da lei de transferencia de competencias educativas. Que as cualificacións sexan diferentes en función da comunidade

de Autónoma e das materias é unha realidade que moitos rapaces denuncian en redes sociais e que ocorre nas nosas aulas desde fai anos. O actual modelo establece que son os gobernos autonómicos os que deciden que preguntas terá o exame na súa circunscrición, adecuándose as materias obrigatorias que hai que incluír. Iso explica que no noso país se rea-



O RECUNCHO DE CANELINA



licen 17 probas distintas, unha por cada comunidade. Hai que ter en conta que as diferenzas para obter notas entre unhas comunidades e outras, coa media da proba e do bacharelato, poden impedir a un rapaz/a acceder á carreira desexada, xa que o distrito universitario é único. Temos alternativa? Pois seguramente sí, a Coordinadora de Representantes de Estudiantes de Universidades Públicas (CREUP), avoga por un modelo igualitario en todas as autonomías, consciente de que existen diferenzas de formación nos distintos puntos do país. Os 17 distritos universitarios pactaron unha proba de acceso á Universidade (PAU) máis común para 2026, en canto á estrutura de exames, as materias a examinar ou os criterios de co-

rrección segundo concluíu a Comisión de Asuntos Estudiantiles da Conferencia de Rectores das Universidades Españolas (CRUE). Tamén observaron bloques de saberes básicos comúns e concretaron os criterios de avaliación específicos e a súa valoración. A finalidade é que os docentes que imparten as ensinanzas de Bacharelato saiban antes de marchar de vacacións as materias e orientacións do vindeiro curso. Tamén propón a CRUE crear un observatorio das materias PAU para facer o seguimento de como avalían as diferentes autonomías, coa finalidade de seguir axustando cada vez máis o modelo e avanzar cara novas orientacións. Sen máis, aos que participades este ano Moita sorte.

Na memoria de Pedriño de Tabaco das Reixas

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Cando eu era neno, meus pais non me deixaban ir aos enterramentos porque dicían que iso era para maiores, incluso cando morreu María Antuña de Rato, madriña de meu pai, dixerónme que ían eles a igrexa para despedila, porque da igrexa iría directamente ao ceo e a min deixáronme con meu avó paterno, Domingo de Río, que fomos pastar as vacas ás Codeseiras. A finca das Codeseiras está moito mais alta que a igrexa e eu non facía mais que mirar cara abaixo, polo que me preguntou meu avó que era o que miraba con tanta ansia e eu contesteille que quería ollala cando subira ao ceo. Moveu a cabeza dúas veces de esquerda a dereita e de dereita a esquerda dúas veces, pero non dixo nada. O gran poeta galego Uxío Novoneyra tamén me dixo, no barrio bilbaíno de Masustegi (fundado e poboado por galegos), que cando somos novos vemos a morte desde moi lonxe e pensamos que só morre a xente mais

vella porque xa ten moitos anos, pero que a partir dos cincuenta xa empezamos ollar os anuncios fúnebres, ou obituarios, para saber quen nos vai deixando e poder honralos nesa última viaxe. Sen embargo, cando faleceu o neno Pedro Calvo Fanego, a quen todos e todas chamabamos Pedriño, ou Pedrito de Tabaco, cando eu aínda non tiña dez anos, pedínlle permiso a meus pais para ir con eles darlle a despedida, porque era meu amigo e compañeiro de escola. Deixáronme ir e chamoume moito a atención ver aquela caixiña tan branca, que segundo meu pai era porque ía sen pecado a onde estaban os anxos. Era fillo de Ánxel de Tabaco das Reixas e de Oliva de Lameiro de Ferreiros, da parroquia de Santa Cruz, e naceu nos Vilares o 7 de xullo 1953. A pesar de ser un neno de curta idade, a súa aparencia e formalidade era a dun home feito e dereito. Lembro que tiña un cabaliño de madeira que se balanceaba e co que xa temos xogado os dous cando viña coas vacas con seu pai para A Revolteira, que estaba o lado das nosas Codeseiras pero el non podía xogar cos demais nenos ao fútbol, á billarda e outros tipos



de xogos, nin baixar pola costa da Conchada cara o río Lavadoiro nas bicicletas de madeira que facíamos nosoutros, porque requirían un esforzo físico que el non podía facer debido a súa enfermidade. Coa seriedade e naturalidade dunha persoa maior e coas súas mans metidas case

sempre nos petos do seu pantalón longo, suxeitado por uns tirantes de goma, ollaba como xogabamos os demais sen mostrar a mais mínima envexa nin tristeza. Era consciente de que non debía xogar e xa lle valía. O mestre tiñalle moito aprecio, porque era un rapaz moi aplica-

do e moi intelixente. A min dá-bame a impresión que mentres ollaba como xogábamos os demais, el estaba pensando nalgún problema ou lección que tiña pendente, pois a el preocupáballe mais a escola e o saber que os xogos. Estaba moi adiantado con respecto á súa idade, xa que tiña moito interese en aprender e incluso lle axudaba ao mestre ensinándolles as letras e os números a outros nenos que sabían menos que el aínda que tiveran mais anos, porque o mestre non daba atendido a tantos alumnos. Hoxe, moitos veciños e veciñas dos Vilares non saben nin que existiu e sempre me sentín moralmente obrigado en dalo a coñecer e facerlle un sinxelo recordo a este amigo da infancia que estivo sempre na miña lembranza, polo que lle pedín esa foto que acompañou á súa única irmá Mercedes, que tampouco o coñeceu, porque naceu dous anos despois do seu pasamento, e grazas a ela souben a data de nacemento e que o fatídico 12 de marzo de 1961 deixounos para sempre cando aínda non cumprira os oito anos de idade, porque seica o seu gran corazón xa non cabía fisicamente na súa pequena caixa torácica. Era todo corazón!

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN	
Concello:	982 50 80 21
Garda Civil:	982 50 80 11
Centro de Saúde:	982 50 81 22
A PASTORIZA	
Concello:	982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil:	982 34 90 20
Centro de Saúde:	982 33 21 41
AS PONTES	
Concello:	981 45 31 16
Policia Local:	981 45 31 91
Garda Civil:	981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa):	981 45 12 51
BEGONTE	
Concello:	982 39 61 43
Garda Civil:	982 39 80 08
Centro de Saúde:	982 39 69 02
CASTRO DE REI	
Concello:	982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil:	982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa):	982 21 10 18
Castro de Rei:	982 31 42 11
Ribeiras de Lea:	982 31 11 14

COSEPITO	
Concello:	982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil:	982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa):	982 52 01 20
Feira do Monte:	982 50 34 69
Consultorio de Muimenta:	982 50 40 57
FRIOL	
Concello:	982 37 50 01
Garda Civil:	982 37 50 02
Centro de Saúde:	982 37 10 98
Cita Previa	982 37 10 05
GUITIRIZ	
Concello:	982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil:	982 37 00 01
Centro de Saúde:	982 37 21 10
Parga P.A.C.:	982 37 05 00

MEIRA	
Concello:	982 33 01 02
Garda Civil:	982 33 00 04
Centro de Saúde:	982 35 69 27
Cita previa:	982 33 02 40
MURAS	
Concello:	982 50 00 01
Garda Civil:	982 50 00 20
Centro de Saúde:	982 50 01 23
OUTEIRO DE REI	
Concello:	982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil:	982 39 00 05
Ambulancia:	982 23 16 13
Centro de Saúde:	982 39 25 98
Cita previa:	982 39 32 67
P.A.C.:	982 39 34 00

POL	
Concello:	982 34 50 29
Garda Civil:	982 33 00 04
Centro de Saúde:	982 34 59 20 / 982 34 53 76
RÁBADA	
Concello:	982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil:	982 39 00 05
Centro de Saúde:	982 39 01 01
RIOTORTO	
Concello:	982 34 62 22
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 34 66 63
VIALBA	
Concello:	982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policia Local:	982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil:	982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa):	982 51 03 11
XERMADE	
Concello:	982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27
Garda Civil:	982 50 10 08
Centro de Saúde:	982 50 11 34 / 982 50 10 55
+ Teléfonos: www.terrachaxa.com	



TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112

Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085

Garda Civil: 062



DEPORTES



O Vilalba FS feminino, subcampión de Liga na Segunda División

Así, o equipo feminino do Grupo Forma-T Vilalba FS rematou a última sesión de Liga cunha vitoria de 0-2 sobre o Majadahonda, o que lle permite ser subcampioa da Segunda División, un punto por debaixo do Bembrive, e un por riba de Ferrol e Rodiles, que acabaron por debaixo.

O equipo xa estaba clasificado para xogar os play off pero tiña como reto quedar o máis alto posible

para entrar na seguinte fase de cara ao ascenso.

Con este resultado, volven facer historia ao lograr loitar polo ascenso no primeiro ano na Segunda División.

O masculino, despois dunha gran tempada, quedou fóra do proceso ascenso a Segunda División despois de perder ante o Tafa no partido de volta. Na ida empataran en Villaba.

XORNADAS DE PORTAS ABERTAS

VILALBÉS. O Rácing Vilalbés organiza unhas xornadas de portas abertas ata o 16 de xuño que teñen como obxectivo mostrar a dinámica dos adestramentos das categorías inferiores e reforzar o equipo de cara á próxima tempada. A actividade está dirixida a menores nados entre 2011 e 2021, que corresponde ás categorías desde prebenxamín, bexamín, alevín, infantil e cadete. Para máis información, pódese chamar ao 646 361 273 (Juan).

FSF CASTRO. O FSF Castro continúa coas súas sesións de portas abertas ata finais de xuño para rapaces interesados en unirse ás súas categorías masculinas e femininas. As sesións terán lugar no Pavillón Municipal de Castro e estarán dirixidas a diferentes franxas de idade. Os interesados poden contactar coa organización a través de Congui, no 666 427 486.

CONCELLO DE BEGONTE FS. O Concello de Begonte Fútbol Sala anuncia a celebración das súas habituais xornadas de portas abertas para o ano 2025, entre os días 2 e 20 de xuño. As categorías dispoñibles abranguen

dende Biberón, para os nacidos nos anos 2019, 2020 e 2021, ata Xuvenil, que inclúe a mocidade dos anos 2006, 2007 e 2008. Para máis información ou inscricións, os interesados poden contactar co número 679 71 17 09. O club anima a todas as familias a deixar que os seus fillos e fillas veñan probar e descubran a paixón polo deporte nun ambiente saudable e formativo.

VILA DE MEIRA. O Club de Baloncesto Vila de Meira continuará tamén en xuño cunhas xornadas de portas abertas destinadas a nenos e nenas nados nos anos 2012, 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017. A sesión que falta desenvolverase no pavillón de Meira o 18 de xuño, a partir das 18:15 horas. A organización poderá establecer un ou varios grupos segundo o número de inscritos, e os horarios definitivos comunicaranse con dous días de antelación a cada xornada. Requírese inscrición previa, que debe realizarse con polo menos dous días de antelación a través de WhatsApp, indicando o nome do neno ou nena e o ano de nacemento, nos números 650 790 058 (Diego) ou 653 605 462 (Manuel).

Galicia brilla na contrarreloxo de Ciclismo Paralímpico de Friol

A vila lucense de Friol converteuse no epicentro do ciclismo paralímpico estatal coa celebración da segunda xornada do Campionato de España en Estrada, dedicada integralmente ás probas contrarreloxo. O rápido e vistoso circuíto de 9,4 quilómetros permitiu o espectáculo e o lucimento dos mellores especialistas nacionais en *handbikes*, triciclos, bicicletas e tándems.

Galicia tivo un protagonismo especial grazas ás vitorias do local Iván Manoel Montero, que se impuxo na clase MH5, e de Mila López, primeira en WH4 por diante de dúas fortes rivais. Ademais, o galego Damián Ramos asinou unha destacada actuación na clase MC4, cunha carreira brillante ante o seu público.

En total, repartíronse 20 títulos estatais nunha xornada marcada polo alto nivel competitivo e a emoción.



A proba supuxo tamén o regreso triunfal de Ricardo Ten tras a súa lesión, impoñéndose con autoridade na clase C1, así como o dominio da campioa do mundo Manuela Vos en WH1 e a revalidación do título nacional por parte de Rosa María Sansaloni en WC5.

A contrarreloxo de tándems puxo o

broche final cunha exhibición do dúo Nacho Rodrigo—Óscar Hernández, vencedores por diante de outros dous equipos moi competitivos.

Friol consolídase así como escenario de referencia para o ciclismo adaptado, nunha cita que destacou pola excelente organización e polo apoio do público local.



A loita olímpica de Vilalba acada o terceiro posto da Liga de Base

O Club de Loita Olímpica de Vilalba participou na xornada final da Liga de Deporte Base, celebrada no Concello da Estrada, onde lograron un meritorio terceiro posto, despois de catro tempadas consecutivas como campións.

Desprazáronse cun grupo de 30 nenas e nenos para disputar a final A, na que competían as 6 mellores escolas das zonas norte e sur. O Keltoi de Vila de Cruces proclamouse campión, seguido polo San Ignacio de Vigo na segunda posición.

Esta actividade, de carácter lúdico e formativo, busca fomentar o deporte entre os máis novos, ofrecéndolles unha oportunidade para poñer en práctica o aprendido ao longo da tempada. Segundo

datos da federación, este ano máis de 200 nenos e nenas participaron na xornada final, moitos deles pertencentes a escolas de recente creación.

A seguinte cita deportiva para o club será o Campionato de España Sénior, que se celebrará o 14 de xuño en Barcelona.

Alí contarán coa representación de José Cuba, Catriel Pehuén e Kevin Cuba, tres deportistas que se atopan a ultimar a súa preparación en Vilalba, acompañados doutros atletas galegos.

Todos eles adestran nas instalacións do club vilalbés, recoñecido como NADE (Centro de Adestramento de Rendemento Deportivo) pola Secretaría Xeral para o Deporte.

O III Torneo de Pádel da Pastoriza será os días 20, 21 e 22

A Pastoriza acollerá unha nova edición do seu xa consolidado Torneo de Pádel, que este ano chega á súa terceira edición. O evento desenvolverase durante os días 20, 21 e 22 de xuño, converténdose nunha das citas deportivas destacadas do verán na comarca.

As inscricións estarán abertas ata o 15 de xuño, cun custo de 15 euros por persoa, incluíndo agasallo para cada participante. En caso de ter algunha limitación horaria, recoméndase aos interesados que o comuniquen no momento da inscrición.

As categorías dispoñibles serán feminino, masculino, feminino Iniciación e masculino Iniciación.

A organización sinala que as prazas son limitadas, polo que se recomenda inscribirse canto antes. Para máis información, pódese contactar a través dos teléfonos 659 555 176 ou 626 523 637.

En canto aos premios, os gañadores de cada categoría recibirán 120 puntos máis un agasallo, mentres que os segundos clasificados obtendrán 50 puntos e tamén un agasallo.

O torneo contará con servizos complementarios como vestiarios, baños e música e bar para garantir unha experiencia completa e amena para todos os asistentes.

Ademais, entre todos os xogadores sortearase un curso de condución ofrecido por PTC.

“O próximo curso, poderase xogar no campionato escolar galego”

Alexandre Sanmartín, coordinador das Gaélico Escolas PuntoGal

O fútbol gaélico é un deporte emerxente que, ano a ano, vai gañando afeccionados e xogadores entre a mocidade galega, especialmente en Friol, onde está tendo unha gran aceptación. De feito, o próximo 17 de xuño celebrarse nesta localidade a Copa Xogade.

Fálenos un pouco da presenza do fútbol gaélico na provincia. Onde está presente?

O fútbol gaélico chegou a Lugo hai máis de 10 anos da man dos Torques, club asentado na capital desta provincia. Actualmente e referíndonos propiamente as categorías base, o único proxecto é o das Gaélico Escolas PuntoGal que comezou a finais do ano pasado, colaborando actualmente con centros escolares das localidades de Lugo, Sarria, Chantada e Friol. Gracias a PuntoGal e a Deporte Galego.

Descríbanos un pouco en qué consiste?

O fútbol gaélico é unha variante do fútbol. Ao igual que existe a británica ou a americana, que son máis populares entre nós, tamén existe a irlandesa. Neste caso tamén com-

piten dous equipos e o obxectivo é anotar máis puntos que o rival. Para iso, a bola pódese xogar tanto cos pés como coas mans e as porterías teñen forma de H. Anotando arriba acádase un punto e abaixo 3. O equipo que máis puntos ten, gana. Isto sería un breve resumo a grandes trazos, pero hai máis particularidades que fan que este deporte sexa moi dinámico e vistoso.

Cando comezou a practicarse e como foi a súa evolución?

Este deporte ten máis de 125 anos de historia, a federación irlandesa constituíuse no ano 1884 para preservar e fomentar os deportes autóctonos irlandeses. Actualmente e o deporte máis practicado e con máis seguidores na illa. Seguen preservando a vinculación co territorio e o carácter afeccionado pero no seu nivel máis alto de competición este ten unha existencia profesional. A Galicia chegou no ano 2010 da man dos Fillos de Breogán da Coruña, e actualmente en Galicia existen 11 clubs espallados polo territorio que xogan unha liga regular e tamén a Copa Galicia. Ademais contamos

cunha selección galega que compite a nivel internacional.

Teñen grupos asentados en diferentes lugares como Friol. Como está funcionando aquí?

A aollida en Friol foi espectacular tanto dos rapaces como por parte do centro escolar co seu director a fronte. Este curso traballamos cun grupo estable de máis de 20 rapaces e rapaces que participaron tanto en torneos escolares como en competicións que organiza a nosa asociación a nivel galego. Destacado especialmente o equipo de rapaces que participou na Copa Galega acadando moi bos resultados.

E noutros lugares da provincia?

Estamos promocionando o deporte impartindo unidades didácticas e organizando torneos escolares con centros de toda a provincia. Estamos tendo moita demanda por parte dos centros escolares que as veces non damos cuberto. Nalgún momento vimonos desbordados.

Como é a competición para a provincia de Lugo? Compítense entre os equipos da provincia ou contra outras?



Tendo en conta que comezamos a finais de 2024, estamos nas etapas iniciais de espallamento. Con todo, xa fomos quen de organizar os primeiros torneos e temos en previsión organizar outro o vindeiro mes de xuño. No próximo curso, ademais de torneos de tipo provincial, as persoas participantes terán opción, en función dos resultados, de xogar no campionato escolar galego.

Tamén se creou unha selección con dous rapaces de Friol. Como foi isto e que resultados trouxo?

A nosa asociación organiza todos os anos o campionato galego cadete e o equipo gañador representa a Galicia no torneo europeo que este ano se celebrou en Amsterdam. Como os ganadores necesitaban un par de xogadores extra debido a que no europeo xógase nun formato de a 9 e no galego a 7, sumaron dous rapaces de Friol ao equipo. O resultado

no europeo non puido ser mellor, traendo a copa para Galicia tras unha exhibición e dominio do xogo durante todo o campionato. Esta vitoria non só é do equipo se non do proxecto, demostrando como traballando nas escolas dende a base se poden obter grandes resultados.

Teñen previsto outro tipo de actividades?

Si, o vindeiro 17 de xuño vaise celebrar en Friol a Copa Xogade en colaboración con Deporte Galego. Temos previsión de contar con ata 9 equipos de 3 centros educativos.

Cales son os obxectivos a longo prazo?

Os obxectivos que marcamos son a medio prazo e sempre baseado nun crecemento que sexa sostible, planificado e sen presas. A idea é seguir promocionando o deporte entre a mocidade, aumentar o número de centros e consolidar as competicións existentes.

Convocada unha nova edición do Volante Deputación o 21 e 22

A Vicepresidencia da Deputación impulsa un ano máis o Volante Deputación, un programa formativo e deportivo que ofrece a pilotos noveis a oportunidade de iniciarse na competición automobilística.

O circuío da Pastoriza acollerá os días 21 e 22 de xuño este programa que mantén o formato das edicións anteriores, cunha parte formativa na que as persoas participantes reciben un curso de condución para igualar e equilibrar os coñecementos entre uns e outros, e outra puramente competitiva, cunha proba cronometrada da que sae o gañador ou gañadora. Este obterá como premio a participación gratuíta no Rally San Froilán 2025, como piloto titular dentro da estrutura do equipo de competición PTC.

O vicepresidente Efrén Castro valorou “a posibilidade que o Volante Deputación ofrece a pilotos noveis para formarse e entrar en contacto coa competición de forma gratuíta, alimentando desde a base a afección ao automobilismo que ten moito arraigamento nas

distintas comarcas. Vemos, nas distintas carreiras que se celebran ao longo do ano, que moitas das persoas que gañaron o Volante Deputación seguen participando nos rallys, o que constata tamén que hai un interese e un aproveitamento desa experiencia”, engadiu.

O Volante Deputación é un dos piares da rede de apoio da Vicepresidencia da Deputación a este deporte. Engádesse unha convocatoria anual de axudas para pilotos de rally cunha dotación de 45.000 euros e a colaboración nas carreiras que se disputan nas distintas comarcas.

O prazo para enviar os formularios de inscrición abrirá o mércores 5 de xuño ás 9:30 horas e rematará o 19 de xuño ás 12.00 horas. As solicitudes, que estarán dispoñibles na web de PTC Escuela, deberán enviarse ao enderezo electrónico piloto@ptcescuela.com.

A inscrición farase por orde de recepción do corre electrónico coa documentación solicitada ate cubrir as 160 prazas dispoñibles.

A Pastoriza acollerá no mes de xullo a primeira carreira popular

O concello da Pastoriza, xunto coa Asociación de Comerciantes e Empresarios da Pastoriza, organizan a primeira carreira popular e andaina da localidade.

Terá lugar o 14 de xullo, en horario de mañá. Comezarán os máis pequenos ás 11.00 horas, que estarán divididos en dous grupos. Media hora máis tarde será a andaina, de 4,5 quilómetros. Ás 11.30 horas será a quenda dos adultos, que percorreren 7 quilómetros.

A programación da xornada completárase cunha exhibición de zumba de Las Resilientes ás 13.00 horas, antes da entrega de premios. Finalizarán a sesión cunha sesión vermú a cargo de Dj Riveira. Ademais, haberá pinchos gratis para todos os asistentes.

As persoas que desexen participar deberán anotarse a través de Carreiras Galegas antes do 10 de xullo. O prezo será de 5 euros para os da absoluta e o resto e a andaina serán de balde.

Os premios serán para os tres primeiros da absoluta masculina e



tres para a feminina en cada unha das categorías. Haberá un agasallo especial para os corredores empadroados no Concello da Pastoriza que quedaran nos tres primeiros postos da carreira absoluta. Tamén haberá medalla para todos os nenos participantes nas probas infantís e trofeo para os tres primeiros clasificados masculinos e femininos de cada unha das categorías excepto os máis pequenos.

Finaliza a tempada da Liga de Billarda en Remourelle

Por Daniel Rodríguez

Rematou a tempada da LNB da conferencia NorLeste no campo da festa de Remourelle.

Había emoción para ver si Charli sería quen de desbancar a Sachas do liderado visto como nas últimas xornadas se foi achegando ata quedar a un só punto del.

O zurdo dos Carabullo estivo máis acertado co Troita Brava e pechou a tarde cun vistoso golpe dobre, co que acadou os cinco puntos que o facían campión da tempada. Sachas rematou segundo e Albino terceiro. Para o aberto, houbo triplo empate que finalizou con Sandonguero, David Navallo e o propio Charli no podio. En donas as musicais billardeiras Geni, Dori e Aroa foron as raíñas en Remourelle e como gañadoras da tempada quedaron Alba, Geni e Cris.

En infantís, Mateu xa tiña seguro o campionato e Diego e Mateo foron os seus acompañantes. Quedaron por este orden Troitas Bravas, Billardeiros Musicais e Carabullo tanto na xornada como no campionato.

E finalmente, aínda que se buscaron os varados, ninguén foi quen de desbancar a Markytos como campión da tempada.

DE RUTA EN RUTA

Mondoñedo: Ruta da auga

O roteiro, duns dez quilómetros, percorre a zona desde a Fonte Vella, polo río Valiñadares, ata o barrio dos Muíños

Comeza a ruta da auga na Fonte Vella, construída en 1548 por orde do bispo Diego de Soto. Esta preciosa fonte resolveu os problemas de abastecemento público de auga na vila, xa que aproveitaba diversos mananciais, proporcionando auga todo o ano. Un gran arco abovedado e escalinatas, constitúen a súa principal característica, contando con inscricións alusivas ao tempo da súa fundación, así como o escudo imperial de Carlos V, e outros relativos á estirpe do bispo fundador. Álvaro Cunqueiro, cuxa casa natal atópase enfronte á fonte, escribiu sobre ela: "Se viñese ás festas de San Lucas un perfumista de París eu levaríalle á Fonte Vella, para que aspirase lentamente o aroma a herba recentemente cortada, e partindo del inventase un perfume de outono..."

Despois do inicio na Fonte Vella, ascéndese por rúas empedradas cara a un camiño coa ruta sinalizada á esquerda e que nos mostra desde as alturas fermosas panorámicas sobre as torres da catedral e o casco antigo da vila de Mondo-

ñedo. A ruta continúa, achegándose ao río Valiñadares e pasando por aldeas como a de Supena, que conservan a súa arquitectura tradicional e que forman parte dunha paisaxe agro-gandeira que se está perdendo, e tamén por bosques autóctonos nos que crecen árbores diversas como o carballo, a abeleira ou o acivro, acosados polas plantacións de eucalipto. Pasando Supena, onde se atopa a emblemática fonte dos Montañeiros Celtas, se se desexa poderase seguir ascendendo ata chegar á cova que foi descuberta ao mundo científico por José Villaamil e Castro, que no 1873 publica o seu primeiro plano. As covas kársticas son formacións escasas en Galicia e nelas a acción da auga filtrada da superficie - que neste caso acaba formando o río Celtas - ao longo de millóns de anos foi diluindo as calcarias e dando orixe a corredores, galerías, salas e formacións dunha beleza e espectacularidade inesquecibles: estalactitas, esta-

lagmitas, coadas, columnas, bandeiras, gours, excéntricas...

No pasado probablemente estivo habitada, xa que se atoparon restos humanos datados a finais do Paleolítico Superior e unha punta de frecha tallada en sílex.

Desde Supena descenderemos cara O Barral por un tramo asfaltado, e despois seguindo o camiño sinalizado baixaremos polo pendente carreiro das Sete voltas. Chegamos así ao pé do Salto de Coro, unha fermosa fervenza, que tras caer uns 10 m por unha parede de xistos forma unha poza nunha fantástica paraxe, rodeada de abundante vexetación de ribeira.

O camiño seguirá baixando polas escaleiras ata conectar co río Valiñadares e seguindo o río, chegaremos ao Barrio dos Muíños, formado por canles de auga que a conducían a varios muíños hoxe sen uso. Desde aquí continúa ata o final da ruta, na praza da Catedral de Mondoñedo.



DATOS



3 h 25 min.



10,1 km.



Dificultade
Baixa

CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

Cursos y Certificados

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

GRUPO FORMAT
formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05